A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 162 DO 28 DE OUTUBRO AO 5 DE NOVEMBRO DE 1981 50 PTA

CORUÑA:
Desfalco na caixa rural
(Páx. 3)

Falan os partidos dispois das eleicions
(Páx. 8 e 9)

RTVE, a voz do seu amo
(Páx. 15)

Prensa e sociedade en Galiza: unha proposta mínima.
G. Luca de Tena (Páx. 10)

A RAZON DE SER

Voltamos estar na rua, no seu quiosco, na sua casa. Sabemos que esto é un motivo de ledicia pra moitos amigos de A NOSA TERRA e esperamos que o sexa pra todo aquel que teña interés na existencia dunha información mellor pra construir unha Galiza máis digna, de todos eles agardamos a colaboración e as críticas para que poidamos chegar a facer un bon periódico galego e as nosas páxinas de creación e opinión quedan abertas para todo aquel que teña algo que dicer.

No número extraordinario de agosto, o último de este semanario que vostede poido ter na man, insinuábanse unha série de dificultades polas queestaba a pasar, a causa de problemas económicos que non son alleos ao contexto no que nos temos que desenvolver, pero tampouco o son a certos error do periódico, tanto da sua orientación informativa como administrativos.



Deixando a unha banda o xuício uunha etapa para a que cumpriría ter en conta unha série de variantes que a cercanía no tempo ainda nos impide ver, coidamos que non é excusábel o pedir disculpas tanto aos suscriitores (que deica agora mesmo non tiveran novas do que iba pasar co periódico) como á opinión pública que, debido a unha discontinuidade na administración e máis na dirección da empresa, tivo que soportar durante todo o vran uns anúncios publicitários que decían que A NOSA TERRA "xa estaba nos quioscos" cando non era verdade.

Malia todo tipo de dificultades e caréncias imos seguir na percura dunha información galega para o que tentaremos superar erros pasados a aproveitar a experiéncia acugulada.

Ainda sabendo as dificultades coas que nos imos atopar e que xa teñen deixado no camiño a meios coma TEIMA e

(Pasa á última páxina)

cencia do adro

CENTRO SEN CONTROL E SEN DADOS

Na noite do pasado dia vinte a **Xunta de Galiza** instalou un centro de control de dados co fin de ofrecer aos informadores os resultados que se iban coñecendo según avanzaba o reconto dos votos na xornada electoral daquela data. Aquelo estaba cheo, coma sempre nestes casos, de xornalistas, representantes dos grupos políticos e unha boa cantidade de curiosos, todos eles rexoubando e agardando as cifras frescas que ali lles poideran entregar. Entregaban de todo menos información, había a disposición dos presentes canapés, pinchosm bebidas, caras Pero nada de dados.

O que de algo se quería enterar tiña que achegarse polas sés dos partidos, sóbre todo pola da UCD que estaba instalada aló á beira, no Hostal dos Reis Católicos. Unha idea de como funcionaba o centro instalado en Raxoi pódea dar o feito de que, cando alguen queria mandar para fora do pazo algun dado sobre a marcha do reconto, tíñallo que preguntar aos periodistas da rádio que traballaban nos estudos provisionais alí instalados; as cadeas de radiodifusión tiñan xente nos gobernos civíes e máis nas ses dos partidos e alí enterábanse moito antes que na da Xunta dos datos que iban saindo á luz. Non deixaba de ser curioso ver á locutora de TVGA como, despois de ollar, sobor das doce da noite, a pantalla conectada ao terminal de ordenador, tiña que correr a xunto do seu compañeiro dunha emisora de rádio porque debia transmitir e na citada pantalla seguían dando os resultados correspondentes ao 46 por cento do censo nalgunha província, igoal que habia unha média hora. Foi curioso tamén comprobar que grácias ao sistema periférico centralizado que utiliza o centro de proceso de datos do Ministerio do Interior; nunha ocasión uns dados que ofrecía a locutora **Maria Teresa Navaza** xa estaban avelloados e tiveron que ser rectificados polos seus compañeiros de Madrid.

A quen parece que si tiñan ben informado era ao **Delegado do Goberno en Galiza** que estaba instalado na Delegación da Cultura da Coruña, **Garcia Sabel** felicitou ao goberno pola rapidez con que se coñeceran os resultados definitivos, e evidente que, esta vez o Sr. Garcia Sabel tivo mais sorte que os que fomos agardar novas á sé da Xunta.

No T.V. botaban, para amenizar a espera dos cidadans que velaban o que fora pasar cos seus votos, un partido de baloncesto entre o **O.A.R. do Ferrol** e mais o **Real Madrid**, ao remate era Madrid quen ganaba... Os funcionários que estaban encargados de recibir os dados no ordenador e transmitilos logo aos presentes decían que sempre tiñan que pasarllos antes aos membros da antígua Xunta Preautonómica que estaban ali nunha habitación moi acochadiños e, claro, entre o ir e o vir, o que conven ou non que se sepa, pasaba o tempo sen que ninguén se enterara aló de nada.

As tres da mañán ainda faltaban por coñecer os dados correspondentes a cento dazaseis mesas da província de Pontevedra e aló os terminais do ordenador xa estaban desconectados; os funcionários iban saindo. Eran as catro da madrugada e como colofón a todo o que sigñificou a Xunta Preautonómica, naquel centro de dados xa non quedaba ninguén que informara de nada, os resultados definitivos houbo que coñecelos por outras canles.

A NUBE DO PRESIDENTE

Unha nube, unha soia, enturbiou a viaxe de placer que o

presidente do Goberno español, Leopoldo Calvo Sotelo, fixo á Galicia -"non con ánimo de participar na campaña eleitoral", por suposto- fai uns vinte días. Resulta que estaba don Leopoldo en Ourense nun acto non político, senon de "acercamiento a las bases del partido", cando as luces do local se apagáron de súpeto.

A xente pensou que a cousa non era grave, que cicais o apagón había que achacalo ao caldeamento do ambente. Pero as risas trocáronse axiña en medo cando comenzou a tommar corpo o rumor de que un comando de ETA andaba pola capital das Burgas buscando ao presidente, e non precisamente pra invitalo a tomar unhas copas. Coa volta da luz. todos respiraron tranquilos, incluidos os escoltas do señor Calvo Sotelo.

hemeroteca

FARO DE VIGO

16. 10. 81

A conspiración segue. E non necesariamente centrada nalgún grupusculo das Forzas Armadas, senón tal vez, principalmente, en sectores civís de ideoloxía ultradereitista que todos coñecen pero dos que parece que ninguén poida aportar as probas suficentes para poñelos a bon recaudo.

Digo que a conspiración segue porque é algo que se apalpa no ambiente. E porque de vez en cando aparecen síntomas craros. Un exemplo é certo escrito de aparencia panfletaria que andou a circular nestes días nalgúns meios militares. O escrito leva ao remate unha firma falsa: as siglas da UMD (Unión Militar Democrática). A firma é falsa xa que a UMD non existe desde o 22 de Xuño de 1.977, unha semana dispois da celebración das primeiras eleicións democráticas en España. Persoas vencelladas á UMD naqueles anos así o fixeron saber para sair ao paso da manobra que alguén tecera.

Pedro Calvo Hernando

HOJA DEL LUNES
VIGO

19. 10. 81

Véxaxe desde donde se vexa, as eleicións galegas van estar presididas ou xa o estiveron, por ese ambiguo e mal confesado intento de rematar dunha vez co encambadeiro asunto das autonomias ao traveso da LOAPA.

Esta lei, que Jordi Solé Tura calificóu hai tres días como moi perigosa e que un día antes Alfonso Guerra consideraba inócua para os estatutos xa aprobados (Catalán, Basco, Galego e Andaluz) representa o enésimo intento do partido do goberno, UCD, de neutralizar definitivamente as aspiracións de autogoberno real das comunidades autónomas. E, por outra banda, un novo intento do primeiro partido da oposición de sacudirse de enriba a uns incómodos veciños, como son os partidos nacionalistas, para que a política a desenrolar no Estado Español poida verse ceibe da iniciativa periférica. Hai, pois, ao meu xeito de ver, un mal contido centralismo en ambas as duas posturas....

Antonio Ojea

26.X.81

Ricardo Mella queixábase (1912) de que en Galiza os votos foran sempre para as persoas e non para os ideais políticos. A política era un corpo de levitón e tanto lle daba que cantara de "conserva" ou liberal pois a sua chegada desde Madrid era como a dun tren que remexera a vida dun remoto poboado, no tempo breve e alleo da parada eleitoral. Entre a burguesia urbana da Restauración, o tardo feudalismo cínico dos caciques tiña remédio nunha fórmula importada de Cataluña: unha mistura de ciruxia de ferro, voluntarismo progresista e principalmente reconocimento dos feitos diferenciais no económico e no político. E o rexionalismo. A el se lle debe, en Galiza, a divulgación política do término cacique, pero non a prometida morte do mal, pois, como é sabido, son os próprios progresistas entre os que, a pesar das exceicións, aparece un novo clientelismo (...)

Ventil Carballo

sabeliña

XOXE LOIS

A CORUÑA

Desfalco en Caixa Rural

Estábamos á espera. Unha semana, outra semana sen poder sair e centos de millóns desaparecidos na Caixa Rural da Coruña sen que ninguén levantase a voz nen dixese nada. Non habia quen se fixese eco. Todo o mundo enfrascado nas eleccións. Se cadra foi precisamente polas eleccións, polo que este tema non saltou á luz pública. O caso pode mancar a moitos e pode haber implicados coñecidos homes da política e grupos económicos. Nós traemos aquí o tema a ver que pasa, pode ser que quede silenciado como outros moitos. Esperemos que o abogado da empresa e senador socialista Sr. Pardo Montero faga algo por esclarecer as implicacións, que polo de agora aínda non podemos demostrar. A quinta parte dos cartos da Caixa desparecidos, ¿onde forn parar?

ANDRES

A centos de millóns elévase o desfalco producido na Caixa Rural da Coruña segundo unha denúncia presentada no xulgado desta capital contra o ex director adxunto desta entidade, Eduardo García Arias, e contra "todos aqueles implicados que poda haber na operación".

Fontes dignas de todo crédito consideran que por detrás desta operación están grupos de presión que operan no campo coruñés e persoas que se moven nos meios políticos.

A OPERACION

Segundo a denúncia, presentada o cinco de setembro, a operación de desfalco realizouse, máis ou menos, así:

Unhas determinadas persoas entregaban en caixa talóns sen fondos para que llos anotasen nas suas contas. Estes talóns deberían pasar á conta de compensación bancária que tiña a Caixa Rural con outras entidades creditícias, para asi comprobar tamén se efectivamente tales talóns tiñan fondo. Pero en vez de ocurrir isto, o que pasaba era que tales talóns eran cargados nas contas corrientes respectivas polo apartado de mecanización, logo pasaban a compensación, até aí todo ben, pero neste departamento en vez de pasar os talóns aos respectivos bancos de orixen e verificar se efectivamente tiñan fondos, os talóns eran destruidos.

Logo, os donos dos citados talóns iban retirar cartos, dándolles a conformidade, anque non contaban con fondo algún na Caixa, ao terlles cargado nas suas contas aqueles talóns sen fondos.

O encargado do departamento de compensación era o Sr. García Arias e algunhas persoas presuntamente beneficiárias deses talóns sen fondos están no seu círculo de amistades.

A CONTRATACION DE GARCIA ARIAS

García Arias foi contratado pola Caixa Rural para a captación de diñeiro. Ao pouco tempo de chegar á entidade foi cesado o interventor da mesma e unha parte do Consello Rector propón áo Sr. Arias como interventor. Diante da oposición de algúns membros, deciden darlle o cargo de director adxunto, cargo que levou consigo ao ser apoderado, xa que estaba recoñecida a sua firma. Neste cargo gánase a confianza de case a totalidade dos membros, pero, así e todo, unha parte non as debía ter todas consigo xa que despois de enfrentamentos no seo do Consello Rector, consiguen que o Banco de España realice unha inspección encontrando diversas irregularidades polo que aconsellan que se realice unha auditoría.

Esta auditoría é a que pon ao descuberto a manobra dos talóns sen fondos polo que deciden meter ao Sr. García Arias no xuzgado por estafa.

ANTECEDENTES DE DIMISIONS

Segúndo informacións que temos recollido, o Sr. García Arias chegou á Caixa Rural provinte do Banco de Madrid onde foi director da oficina da Coruña. Estas mesmas fontes manifestáronnos que se sospeitaba que foi botado desta entidade por unha operación parecida á que supostamente rrealizou na Caixa.

Hai quen supón que García Arias accedeu aos cargos na Caixa Rural co apoio de Corzo Diéguez, vicepresidente do Consello Rector e home forte no campo coruñés; quen dimitiu xuntamente con Armando Romero no intervalo de tempo que duraron as comprobacións das contas. Partindo destes datos, hai xente que especula coas conexións de García Arias con Corzo Diéguez e co seu grupo económico, do que forma parte Antonio Alvarez, presidente do Deportivo da Coruña, equipo do que o Sr. Arias é Secretário Xeral.



SITUACION DAS CAIXAS RURAIS

A Caixa Rural é unha cooperativa de crédito onde non hai capital social, que pode recoller diñeiro de cantas persoas queiran depositalo, pero que non pode prestalo máis que aos seus sócios e para invertir única e exclusivamente no campo.

Está dirixida por un Consello Rector e un equipo de tres interventores de contas, anque a nivel bancário funciona como outra entidade calquera da sua clase, cun director, que por certo tamén está despedido anque, segundo pudemos saber non teña nada que ver na operación de desfalco.

A Caixa Rural da Coruña naceu nos anos cuarenta pero estivo intervida polo Banco de España até hai seis anos, debido o seu mal funcionamento. Uteco Coruña puxo os 21 millóns, que comprían para levantar a intervención realizándose unhas eleccións para o Consello Rector, eleccións que foron impugnadas pola própria UTECO.

Despois de anularse as eleccións chégase a unha fórmula de compromiso entre os tres grupos de presión máis fortes, UTECO, FEIRACO e Corzo: poñer a Varela Feán de presidente e a Corzo Diéguez de vicepresidente.

Se da entidade coruñesa pódese dicer que despois destes procesos está collendo formas democráticas, esto é o que se pode dicer das restantes de Galícia: A de Lugo todo o mundo sabe que a controla Rosón e os directores de boa parte das sucursais son alcaldes da UCD; a Caixa Rural de Ourense é de Franqueira e do seu grupo, calquera que non se mova nesta órbita ten pouco que pintar. En canto á de Pontevedra, a sua importáncia é moito menos.

Así a todo pódese dicer que estas entidades deberían ser potenciadas xa que no seu espíritu e na sua letra son perfectamente válidas e proveitosas para o campo galego: só falta que señan controladas popularmente.

ALFONSO EYRE

O MORRAZO

Massó: unha crise prefabricada

A primeiros da semana pasada, tras das festas do Pilar, estralaba en Cangas e Bueu un conflito laboral que poido ter graves repercusións pero que foi rápidamente solucionado.

SANTI VILLAR

Nos primeiros dias do mes, a dirección da fábrega Massó chamóu ao comité de empresa para expricarlle a sua decisión de mandar para a casa as traballadoras Fixas-discontínuas, mentras as diarias seguían a traballar, dado o grande "stock" almacenado –unhas 250.000 caixas de conservas– ao que se engadira o tema da colza desnaturalizada e das diarreas do mexilón.

Nas suas alegacións, o comité dixo que con 105 dias que levaban a traballar, ainda faltaban **para cumplir co convenio** outros 75, polo que non poderían cobrar o subsidio de desemprego.

Tras dunha semana de espera, a empresa comunicóulle ao comité de empresa a decisión de facer valer a sua vontade a partir do martes trece. Logo veu unha precipitada asamblea nun cine en Cangas, avisada a duras penas, e a decisión das fixas-discontinuas –ás que se sumaron algunhas diárias– de non deixar entrar a traballar aos que están empregados todo o ano en Massó, os **diários**.

Na mañán do martes, todos se presentaron nas portas das duas factorias, pero de inmediato se fixeron piquetes, ainda coa presencia cercana da Guardia Civil e da Policia Nacional. En Cangas, un grupo de vinte **diarios**, entre os que se atopaban os membros do comité de empresa pertenecentes a UGT pediron auxilio á Forza Púbrica para entrar. Esta fixo unha carga contra as mulleres que estaban na porta, protexendo, ao mesmo tempo, aos esquirois. Da carga resultaron feridas varias mulleres e ainda algunhas con ataques de histeria e nervos. Para evitar que se repetira, todo o personal passóu para dentro da factoría e se comezóu, deste xeito o seu encerro. Un encerro que ía durar 48 horas.

Na noite do martes para o mércoles 14, durmiron dentro da fabrica unhas 200-300 persoas, esperando unha nova xornada e novos acontecimentos.

En Bueu, o dia 14, nen coa presencia da **Guardia Civil** poideron pasar a traballar os empregados diários. Mentras, unha representación de centrais sindicais unida aos alcaldes de Moaña, Cangas e Bueu dirixíanse ao Goberno Civil na percura dunha solución.

MASSO BUSCA DIÑEIRO

Un escandalo destas proporcións (400-500 persoas afectadas) só ten unha explicación: Massó usóu o momento electoral para obeter do Goberno garantías para as conserveiras en xeral e para a sua empresa en particular.

Só deste xeito se entende a sua rápida solución, a misteriosa aparición de 15.000 millóns de pesetas, que CC.OO. pretende controlar e que sexan só para crear novos postos de traballo, non para salvar empresas en crise ou en todo caso extremo para reconvertir os mesmos postos de traballo.

Así, despois de que o comité ofertara cinco dias de traballo e dez de vacacións para os fixos-discontínuos coa negativa, en primeiro, da patronal e co troque de traballo e vacación dispois, a solución, entre os oficios do Gobernador e os das centrais, foi salomónica: dous dias de traballo, des de vacacións e negociacións nese espacio de tempo cara a buscar unha solución ao problema.

Xa que logo, hai un compás de espera, no que UGT, que no conflito non tivo un papel moi craro, vai tentar que se lles pague as F-DD os meses de novembro e decembro do subsidio de paro, mentras que xa caseque teñen asegurado totalmente o cobro do primeiro trimestre de 1982 por iste conceto.

LIMENS

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

NO CASTRO HAI EDITORIAL E INDUSTRIA GRAFICA, ENTRE OUTRAS QUE TEN GALICIA. NON HAI POR QUE EDITAR LIBROS NIN IMPRIMIR TRABALLO FORA

SANTIAGO

Peche e folgas contra o decano de Sicoloxia

A hora de redactar esta crónica, arredor de cen alumnos de Psicoloxia, turnándose en grupos de 20, están pechados desde o mércoles, día 21, na Facultade de Filosofia e Ciéncias da Educación. Catro deles están en folga de fame para reforzar a protesta, fundamentalmente, contra a conversión da devandita facultade nunha leira privada. Os alumnos de Psicoloxia piden a dimisión do decano, Carlos Baliñas, como primeiro paso para que os problemas deste centro educativo entren en vias de solución e escomencen as aitividades académicas, até agora paralizadas polo encerro. Tamén piden a convocatória dunha Xunta urxente de Facultade na que aos alumnos se lles recoñeza unha representatividade do 50 por cento e que se debata nela a posibilidade de independ da seición de Psicoloxia das outras duas: Pedagoxia e Filosofia.
Polo momento, as espadas seguen en alto: os pechados non ceden, Carlos Baliñas non dimite e o rector, aparentemente, non tomou cartas no asunto ainda que a situación lle é incómoda.

As causas deste conflito veñen xa dende hai cinco anos cando profesor Seoane Rey plantexou a independéncia de Psicoloxia co fin de profundizar nos estúdios desta rama e sacudila do xugo da sección de Filosofía.

Non o consigue á vez que alguns profesores de Psicoloxia doutras universidades como Mariano Yela, potenciais candidatos a ocupar algunha praza na futura facultade de Psicoloxia, receben cartas anónimas que lles prometen amenazas se chegaran a vir para Santiago.

A conflictividade renace a principios do curso 1979-80 cando o cadeirádego, Sierra Marcuño cámbia o plan de estúdios da sección de Psicoloxia, orixinándo un enfrentamento con decano, Carlos Baliñas, porque, segundo os alumnos, impón no plan asignaturas de Filosofia. No curso de hai dous anos tamén se enfrenta aquel co profesor Seoane Rey. Ao remate do curso, marchan da facultade de Filosofia e Ciéncias da Educación os seguintes profesores: Seoane (cadeirádego), Elena Ibáñez (numerario), Adela Garzón e Margarita Diges (PNNS).

Ao principio do pasado curso, os alumnos ocuparon a Xunta de facultade para pedir control dos presupostos, material escolar e asemade, que contratasen a máis profesores. "O primeiro non o conseguimos –afirman os alumnos pechados– pero inmediatamente concedéronnos as demais cousas ás que deica entón lle foran dando largas".

Outro profesor, Anxel Rodríguez, tense que ir da facultade "por unha maniobra burocrática" entenden os alumnos, seguido de tal xeito, que neste momento só queda na facultade un numerário de Psicoloxia "e sen numerários sabemos que é imposíbel conseguir a independéncia da sección", din, "en definitiva, o decano xunto con outros profesores maniobraron de tal xeito que aqui non hai numerários suficientes".

As consecuéncias de todo elo son ben patentes: falla dun plan de estúdios próprios, de profesores e, mesmo, dun horário estábel. A isto haille que engadir o problema de que a facultade foi deita para 500 alumnos e agora está perto dos 2.100.

En canto á falta de profesorado, cabe dicer que de Psicoloxia Fisiolóxica está dando clase un mestre sen que se cubrira a plaza por medio de concurso público.

Pero para os alumnos o feito máis grave dos últimos tempos é a utilización dos fondos da facultade que fai Carlos Baliñas. "Hai mes e médio –afirman os pechados– o decano, co fin declarado de limar asperezas, ofreceulle a 16 profesores, que hoxe están en contra sua, unha cea con cargo aos fondos da facultade hasta un importe de cen mil pesetas e coa invitación implícita de emborracharse. Isto sucedeu un dia de setembre ás 9 da noite no bar Canizo. Están de testigos, entre outros, osprofesores Alfonso Barca, Fernando Valle-Inclán e Alfonso Tobío".

Por todas estas razons (e ainda hai moitas máis, segundo eles) os alumnos piden a dimisión de Carlos Baliñas como decano de Filosofia e Ciéncias da Educación.

Recentemente, cando un grupo de alumnos foi pedir a sua dimisión formal ao Decanato, deuse un forcexeo co segredario da facultade, X.L. Pintos (membro do PCG e de CC.OO.), quen mordeu a un alumno e, posteriormente, presentou, xunto con Carlos Baliñas, denúncia contra o mesmo alumno, na Comisaria de Santiago.

Agora, os alumnos tratan de presionar por todos os médios posíbeis a dimisión do decano mentras este se resiste. Alega o señor Baliñas que o profesorado atópase sen interlocutor válido por falta dunhas estructuras legais. De tal xeito que "indivíduos o grupos espontáneos aprovechan ese vacio para abrrogarse la representación de la mayoria silenciosa y practicar el terrorismo contra quien no se pliegue a sus caprichos".

Polo momento, ainda que non hai clases e a maioria silenciosa apenas fai a sua presencia, fan "terrorismo" 18 profesores e mais de trescentos alumnos que participaron nunha asamblea da facultade na que pediron reiteradamente a dimisión de Baliñas.

Como, ao parecer, os alumnos non teñen "un intelocutor válido" recurriron a manifestarse na IV Carreira Pedestre de Santiago á vez que participaban nela.

Mentras os alumnos fan da facultade a sua segunda casa, escrebendo miles de pagatinas coma a seguinte: "¿Baliñas? Non, gracias" o decano agarda que os alumnos se cansen.

Non obstante, eles manifestaron A NOSA TERRA que teñen pensado seguir hasta conseguir a dimisión de Carlos Baliñas. E para darlles ánimos contan con apoio dunha ducia de facultades e seicion de Psicoloxia do Estado Español que lles envian telegramas de adesión.

X. DA RUA NOVA

ESTA NACENDO A BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

Colección MONTES e FONTES

A biblioteca popular galega

DICCIONARIO BASICO DA LINGUA GALEGA.- Instituto da Lingua Galega. O primeiro diccionario ilustrado coas definicións en galego. PVP. 280.
"O FRESCO". MEMORIA DU N FUXIDO. 1936. Edición de Victor F. Freixanes. Finalista do Premio Internacional de Prensa. Niza, 1980. PVP. 290.
POESIA COMPLETA EN GALEGO. Rosalía de Castro. Edición de B. Varela Jácome. Primeira edición da poesía galega de Rosalía introducida e anotada pró lector actual. PVP. 360.
GALICIA ENTEIRA 1. Costa da Morte e Fisterra. X.L. Laredo Verdejo. Os itinerarios mais interesantes desta zona galega, a todo color. PVO. 290.
GALICIA ENTEIRA 2. Rías Baixas do Norte. X. L. Laredo Verdejo. Os itinerarios mais interesantes desta zona galega a toda color. PVP. 350.
GALICIA ENTEIRA 3. Rías Baixas do Salnés. X.L. Laredo Verdejo. Os itinerarios mais interesantes desta zona galega a toda color. PVP.350.
O PODER INDUSTRIAL EN GALICIA. C. Nogueira, L. Soto e X.L. Facal. A industria galega radiografiada por tres especialistas con datos actualizados. PVP. 290.
CRONICA DE NOS. X.L. Méndez Ferrín. Os últimos relatos do gran creador galego. PVP. 270.
A FUXIDA. X.M. Martínez Oca. As ilusións, os amores e as frustracións dun mozo galego que quere fuxir das súas limitacións. PVP. 300.
A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA EN GALICIA. Harmut Heine. As causas, as accións e mailos protagonistas da guerrilla galega (1936-1952). PVP. 450.
A SEMANCIA. Xosé Ignacio Taibo. A semana do galego Amancio en busca da súa clase perdida. PVP. 390.
(RE) INTRODUCCION O MARXISMO. Felipe Martínez Marzoa. O punto de vista da obra de Karl Marx, cunha perspectiva actual. PVP. 250.
A VIDA DOS PEREGRINOS POLO CAMIÑO DE SANTIAGO. Barret e Gurgand. A soledade, a picaresca, as ilusións, os perigos e as fatigas dos peregrinos polo camiño de Santiago. PVP. 450.
E AGORA CUN CEO DE LAMA. Paco Martín. Cunha técnica que produce a impresión dunha visión subacuática, descúbrenos esta novela "o mundo ó revés" no que vivimos PVP. 250.
GUIA PRA PILLA-LAS TROITAS MIÑAS SEÑORAS. J.J. Moralejo Alvarez. A pesca de río tratada co humor e a maestría dun gran pescador. PVP. 350.
PREMIOS CASA DE LAS PALMAS. X.M. Martínez Oca, Aida Marqueta, Ma. F. Días, M. Almeida Suárez. Duas novelas curtas e dous poemarios que prestixian os premios deste Centro. PVP. 385.
BREIXO. Alfredo Conde. O Breixo vive e/ou soña a mocedade posible –sin prexuicios e desinhibida– na Galicia atoutiñante dos nosos días. PVP. 370.
ESTEBO. X. Lesta Meis. O realismo de Lesta Meis fai desta novela un pequeno arquivo etnográfico da Galicia de primeiros de século. PVP. 450.

De próxima aparición

NEVEDA. F. Herrera Garrido. Francisca Herrera Garrido foi a primeira novelista galega que chegou ás páxinas da crítica literaria francesa, a até hoxe, a única muller elexida como membro numerario da "Real Academia Gallega".
A CHAMADA ESCURA DOS CABORCOS. X. M. Martínez Oca. Finalista do "Premio Blanco-Amor, 1981". Cidade e aldea, rural e urbán, son os termos da dicotomía nos que se debate unha conciencia que cabalga cara a ningures.
CORRUPCION E MORTE DA BRIGITTE BARDOT. Xosé Fernández Ferreiro. Esta novela –mencionada no "Premio Blanco-Amor 1981"– relata o asasinato dunha moza que apostou todo por triunfar no cine. E o final tráxico dun mundo de droga e pornografía contaxiado do vértigo dos "Porsche Carrera" e dos "Masserati Bora".
ASAMBREA XERAL. Lauro Olmo e Pilar Enciso. Nestas tres pezas de teatro Lauro Olmo e Pilar Enciso recrean pra un púbrico dende infantil a adulto un conto do Panchatandra, unha fábula de Esopo e outra de La Fontaine.

edicións xerais de galicia, s.a.

Estamos dando moito que ler

crónica política

O que parecia tema interno deste país, viuse desde o principio desvirtuado; algo aparentemente tan remoto como o gran capital fíxose visíbel, partidário. E os partidos españois co Goberno do Estado serviron fidelmente o mandado da Banca. Esta parécenos a clave de todo este proceso abraiante. Galiza interesa pola xeografia, pola man de obra barata, polos recursos mineiros. Galiza é peza militar de valor para os USA e a OTAN. Galiza ai para ser utilizada.

A Dereita Española (Alianza Popular e Unión de Centro Democrático) buscou gañar sen reparos en gastos : fálase dun milleiro de millóns tirado en anúncios, cuñas de rádio, carteis,... Nada a detivo con tal de se asegurar ben a pasividade deste povo, ben a sua entrega. Fraga foi o instrumento do franquismo acochado pero non ausente, que abrazou aos xubilados do somatén, das capelanias militares, aos medoñentos do 23-F, aos herdeiros dun autoritarismo sempre a resucitar nas sociedades de pequenos proprietários. Un aliancista respostou aos que lle asubiaban : "eses son os mesmos que vencimos no 36 e voltaremos vencer".

UCD mantivo a sua rede poderosa de caciques, só desbordada en certas cidades industriais. Gañou a Dereita Española; todo vai seguir igoal en Galiza; todo vai seguir pior : paro emigración, corrución, prostitución, pornografia, miséria.

Mentras, a chamada Esquerda Española seguiu o xogo da Dereita : trouxo tamén a toda a plana maior dos seus parlamentários españois, a traca dunha campaña irreverente; contribuiu a que Galiza se parecese a unha terra conquistada por un Estado no que todo se consensua, até a destrución. Detrás de toda a Dereita e a Esquerda queda a conspiración de utilizar como pretexto a candidatura de certos "galeguistas" e consentir o acoso máis brutal ao nacionalismo. Prévio a este atentado, os partidos de ámbito galego foron marxinados dos meios de comunicación, cos censos ainda máis deteriorados sospeitosamente en favor das clientelas estatais.

O nacionalismo, inda que avanzou na busca dunha converxencia, presentouse moi esmigallado. A coalición BNPG-PSG loitou grácias a sua militancia, e mantivo uns resultados xa conseguidos en 1979. A base social na que actua, continua apoiándoa. O PG utilizou as clientelas profesionais sen suficiente éxito. EG embarcouse nunha campaña propagandística de custes perigosos. Soupo captar a certos sectores, v.g., en Vigo, grácias a un programa de teorias e a unha chamada festiva, acerto importante nunha sociedade acosada polo desalento. O nacionalismo que pediu a abstención, comenta agora xubiloso a masiva de perto do 50 por cento, na que hai abundancia de afectos á esquerda nacionalista.

En suma, A Nosa Terra anota na longa marcha de opresión do noso povo un acontecimento máis, dooroso, despiadado, mesmo cruel. Pero, como cronistas deste país desde 1910, en etapas discontínuas, sabemos que a história está ao noso favor, que cada dia é máis craro que Galiza sofre unha fonda colonización e un irresponsábel deterioro que hoxe é violento, pero que mañá pode ser superado. Sabemos tamén que a abstención de máis do 50 por cento significa desacordo coa política institucional do Estado Español e que a pasividade abstencionista só espera o aguillón dun obxectivo alcanzábel.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Empresa Xornalística Editora :
Promocións Culturais Galegas S.A.
Presidente do Consello de Administración .
Francisco Carballo Carballo.
Conselleiro-Delegado :
Xoaquin Acosta Beiras.
Director .
Xosé Manoel Currás Rua.
Redacción :
Xosé Manoel Currás Rua, Alfonso Eyré, L. Labandeira, Xosé Amador.
Colaboradores .
Santi Villar, Fernando Franco, X.A. Suárez, Pablo Viz, Paco Arrizado, Domingo Prieto, Carlos Durán, Jordi Fortuny, Mugarra, A.P. Dasilva, Tino Viz, Xan Carballa, X. Marín, Xosé Lois, Carlos Rodríguez Silvar, Ernesto Noceda.
Redacción e Administración .
Dr. Cadaval, 21, 2o, Of. 11, VIGO. Tel. 22 24 05 (986).
Imprenta :
Ardatza, S.A. Polígono Eciago, 10 B. Hernani (Gipuzkoa).
Depósito Legal : SS-645/77

N. 162/28 OUTUBRO-5 NOVEMBRO/ 1981

cartas

OS 19 DE YUMBEL

Na última temporada en Chile, véñense atopando cementérios clandestinos onde foron enterradas miles de persoas asesinadas pola xunta que dirixe Pinochet.

Na localidade de Yumbel, a cincocentos Km. ao sul de Santiago de Chile, foron atopados 19 cadáveres de persoas desaparecidas en dias posteriores ao golpe de estado do 2 de setembro de 1973.

Seis anos de negativas oficiais, seis anos de burlas aos "presuntos desaparecidos" e cara a dor das suas desesperadas famílias, culminaron unha mañán.

Dous veículos chegaron até o cementério parroquial de Yumbel. O ministro Martínez Gaensly ordenou á cuadrilla de traballadores que cavara nun lugar preciso. Asi quedou descuberto o crimen nunha fosa clandestina de dous metros e médio de lado: os cráneos e os ósos de 18 seres humanos foron postos en escalofriante ringleira, xunto con roupas, zapatos, cintos e até un documento de identidade con tapas verdes.

O macabro contido da fosa foi trasladado ao Instituto Médico Legal da cidade da Concepción, onde —de inmediato— o doutor, César Reyes comezou a tarefa de identificación. Tres dias despois, as famílias dos "detidos-desaparecidos" fixeron o reconocimento: desfilaron diante dos restos sacando a carraxe dalgún recuncho da alma, empregando a fondo esa forza misteriosa que surxe froito da dor.

Un ramo de froles frescas —na sala onde estaban os restos— constituia a primeira homenaxe silenciosa ás víctimas deste crimen masivo. Quen as puxo foi o prório doutor Reyes.

"NENGUN ANTECEDENTE"

Mentras tanto, en Santiago os periodistas consultaron a sua opinión ao ministro do Interior quen asegurou que "non tiña nengún antecedente nen información oficial, por ser esta unha matéria exclusiva do ministro que sustancia o proceso". Para rematar precisou que "todos os sucesos deste tipo, ocurridos entre o dia 2 de setembro do 73 e o dez de marzo do 78, caen dentro da "Lei de Amnistia". (Refírese a Lei de Amnistia ditada por Pinochet, para deixar sen castigo todos aqueles asesinatos cometidos polos axentes da DINA).

Os dias seguintes ao descubrimento foron mui atarefados. O Ministro Martinez Gaensly interrogou aos familiares e aos funcionários policiais sindicados como culpábeis, realizando careos entre ambas partes.

Tiña que resolver un gran mistério xa que a denúncia da Igrexa católica de Concepción falaba de 19 detidos-desaparecidos e na fosa de Yumbel só se tiñan atopado restos pertenecentes a 18 persoas. ¿Onde estaba o outro?

"Atando cabos" o investigador decidiu trasladarse deica Flor de Laja e ordenou cavar nun sítio exacto, xunto a Ponte Perales: ali foi atopado o cadáver número dazanove. Estaba amarrado con aramios e faltáballe un brazo. Xunto aos restos atopáronse vainas de cartuchos, roupas, zapatos e algunhas botellas.

Confirmouse asi o que os veciños comentaron durante todos estes anos, o que todos sabian: os detidos na tenéncia (posto policial) de Laja foron sacados na alborada do 18 de setembro do 73, nun taxibús da Compañía Manufacturera de Papeles y Cartones. (CMPC)' Xunto a Ponte Perales, foron nados e enterrados. Pero a zanxa cavada non tivo a profundidade requerida para acochar debidamente os corpos, e, en 1975 o dono do fundo Flor de Laja ou un dos seus fillos (dado ainda sen confirmar) descubriu un corpo semienterrado. Fixo a denúncia aos carabineros polo que os desenterrados (mal como demostrou o tempo) e trasladaron os restos ao cementério de Yumbel.

DAZANOVE FURNAS

Dazanove furnas cos restos das persoas asasinadas foron entregadas aos familiares.

Ali iban os restos de Jorge Andrés Lamana Abarzua, de 27 anos, dirixente do Sindicato Industrial da Compañia Manufacturera de Papeles y Cartones. Oscar Omar Sanhueza Contreras, de vinte e tres anos, profesor primário da escola de San Rosendo. Dagoberto Enrique Garfias, 23 anos, electricista da CMPC. Mario Jara, 21 anos, axudante de ebanista. Heraldo del Carmen Muñoz de 28 anos, cinco fillos, fontaneiro. Manoel Mario Becerra, de 17 anos, estudante da escola industrial. Wilson Muñoz, obreiro da CMPC. Fernando Grandón, tamén obreiro da citada empresa. Raul Urra, obreiro da mesma fábrica, así como Fernando Grandón. Luis Alberto Araneda, maquinista dos Ferrocarrís do Estado. Juan Villarroel, sete fillos, obreiro tamén da CMPC. Rubén Antonio Campos, ex-concellal socialista. Juan Carlos Jara, 16 anos, estudante. Jack Eduardc Gutiérrez, obreiro da construción. Federico Riquelme, obreiro. Jorge Lautaro, traballador na Arxentina. Alfonso Macaya, comerciante, concellal socialista. Juan Antonio Acuña, maquinista. Luis Onofre Sáez, obreiro e segretário sindical do CMPC de Laja. José Emilio Cuevas, contratista dos ferrocarrís do Estado.

Unha multitude de persoas, máis de quince mil, acompañou ás famílias desde o Instituto Legal á parróquia de San José. Un por un foron mencionando os 19 nomes: ...que foron coreados por un impresionante ¡presente!

Pero este só é un dos moitos casos, un exemplo máis, agora, dia a dia, os mortos aparecen nos campos da América Latina, xa nen siquera se molestan en enterralos.

COMITE DE SOLIDARIDADE CON AMERICA LATINA

QUEIMAN A GALIZA

Sr. Director:

Vou falar dun tema que creio que nos intresa a todos: "Os Incendios".

O que mais quere un home, é a sua vida. Pois, esta vida sería imposible sin oxígeno. E ista sustancia tan necesaria estámola queimando.

Eu pregaríalle a estes homes, que non teñen outro nome que naturecidas, que si polo menos non respetan a vida dos seres viventes, que respeten a sua propia.

O setenta e cinco por cen da culpa desto tena o Goberno. Por unha parte porque él sabe quen queima os montes, tamén o sabemos nós todos, por suposto que un probe labrego ou un empregado non os queima, porque ó fin e ó cabo a eles que lles intresa queimar un sitio onde disfroitan da natureza ós fins de semán.

Os que lle intresa queimá-los montes é ós grandes madeireiros, xa que a moitos dos arbres só se lle queima a casca, e o que queda polo meio, a madeira, queda intacto. E así estes homes mercan a madeira por tres cadelas e vale pró mesmo.

E por outra parte o Goberno tamén ten a culpa porque namentras arde España, en tódolos sentidos, eles están dándose a grande vida ou aprobando as subidas dosprecios.

O que se estará preguntando a xente, é o seguinte: ¿Se España, Galiza ou calquer outra nacionalidade está desertizándose, por culpa duns caciques, que fai o Goberno con cáseque 2.000.000 de parados? Non me digan que esta xente non podía estar repoboando ou coidando de que naide queimara os montes.

Pois non, non pode ser así, porque claro hai que seguir esprimindo os traballadores hastra que estoupen, pra poder darlle millós de pesetas os parados, en vez distes millós destiñalos a postos de traballo ou a repoboar España. Xa que non se dan conta ou non se queren dar conta que España e sobor de todo Galicia, a Suiza española, a zoa mais verde cicais da Europa Occidental etc., está morrendo de noxo esquencida da man deso que debe haber alá arriba.

Entón si é verdade que hai algo, ¿por qué permite tantas inxusticias?

Por último eu quixera facer un chamamento a tódolos galegos: isto é, que se ven a alguén provocando un incendio que non teñan de amenazas das que podan ser victimas, xa que estamos nun País LIBRE, senon que ademais de denunciá-lo que foi. Intentar pescudar quen está debaixo de todo.

MANUEL ANXO GARCIA TORRES
(OURENSE)

A NOSA TERRA prégalle aos que desexen escreber a esta sección que manden as suas cartas con 30 liñas, mecanografiadas a dous espacios, como máximo e co número do Documento de identidade así como o enderezo e teléfono, se houbese, acompañando á firma.

Entre o caciquismo e o desencanto

Se só fora verdade que os dados cantan. Se fora verdade que só os dados cantan, haberia que pensar que o noso povo é o país máis conservador de Europa e que, ademáis, o noso povo chegou a ter tan asumido o papel que hoxe en dia está a cumplir que xa non hai quen poida facer rebrilar nada desde o Ortegal ao Miño.

Os números que sairon estoutro dia das furnas mostras, , como toda a prensa diária dicia o pasado mércores con grandes titulares, un trunfo claro da "direita-direita", mesmo dos homes que máis tiveron que ver coa política do franquismo. Pero seria miope quedarse aí na análise e non tentar pescudar máis nas circunstáncias que causaron tan solprendente resultado, solprendente digo, incruso neste país asíduo votante da direita na história recente.

O caciquismo estreitamente aliado cos partidos da dereita estatal, que esta vez sí que se empregou a fondo utilizando tanto e medo como a confusion e un derroche de importantes medios económicos —apoiado esta vez ademais pola patronal— fixo o que estaba nas suas mans para aproveitar o descrédito do Goberno con unha imaxe rexeneradora para a que se presta moi ben a figura de Fraga, quen buscou a clientela das arelas de autoridade que sempre se crea nunha sociedade dabondo desfeita como a nosa, e tamén a de un certo ga leguismo latente exibindo o seu "pedegree" de nado en Villalba. Todo esto adubiado polo plan, con cabeza en Madrid, do montaxe da "Gran Dereita".

Pero o desencánto que os anos que van de democrácia parlamentaria teñen producido na poboación galega (agravado pola falla de formación política) e máis o medo que deixou no ambente o que pasou o 23 de Febreiro tamén foron factores decisivos, sobor de todo se se ten en conta que este desencanto ven causado no campo por unha progresiva e galopante perda do poder adequisitivo e nas cidades polo aumento do paro, fundamentalmente. A todas as apresuradas apreciacións que vimos de anotar habería que engadir o desconcerto e división que se produciu nos votantes de partidos galegos ou nacionalistas que se atoparon, por unha banda, cos problemas internos do Bloque que deica aqui trouxera unha traxectoria ascendente considerable apoiado pola presencia das organizaciós de masas e sindicais.

Estes problemas poideran ser os causantes de que, apesares da sua unión co PSG en busca da unidade do Nacionalismo, non poideran, os dous xuntos acadar o número de votos de aquel na eleccións ao Parlamento Español de 1979, nin moito menos o das municipais de ese mismo ano.

Pola outra banda, Esquerda Galega e Partido Galeguista, presentábanse desta volta divididos o que fixo que, a pesares de que entre os dous superaron os 52 mil e pico votos das últimas municipais, so E.G. conseguira un escano meramente símbólico en Pontevedra. Neste senso pódese dicer que a laboura de grupiños, incluso locais, que se presentaron en número de perto de meia ducia, o único que conqueriu (esto é válido mais que nada os grupos da esquerda) foi dividir o voto nacionalista e de esquerdas e darlle escanos aos grúpos da dereita estatal. En canto ao Partido Comunista, a pesares de ter traido aqui ao seu lider de Madri, Carrillo, como fixeron todos os partidos estatais, sufreu un considerable descalabro do que non lle vai ser doado erguerse.

O PARLAMENTO ESTA AHI

De calquer xeito, as eleicións xa pasaron e xa deron de sí o que tiñan que dar: setenta e un diputados que formarán o primeiro parlamento galego da historia para ben e para mal.

A hora de escreber estas línas nada se sabe ainda de fixo sobor da formación do goberno autonómico e todo o que hai son suposicions, pronósticos sacados das declaracións dos representantes dos grupos que obtiveron representación.

DO "CORREMENTO A DEREITA"

Os vinte e seis diputados con que conta Alianza Popular van permitir, seguramente, que o dautor ciruxán Gerardo Fernandez Albor, candidato do seu partido á presidencia da Xunta, se convirta no próximo inquilino do Pazo de Raxoi, malia á U.C.D. que cando xa iban moi avanzados os escrutinios ainda se gababa, por boca do segredario de organización, Xose Ramón Caso, de ter acadado o seu obxetivo que non era outro que a victoria. Como os que terán que chegar a un acordo de goberno terán que ser os dous citados partidos, sospéitase que Alianza Popular se quedará, como deciamos, coa presidencia da Xunta e UCD coa do Parlamento, posibelmente na persoa de Antonio Rosón que xa non é novo naquela casa.

Deixando ao marxe previsións máis ou menos aventuradas, o que sí parece craro é que quen máis saiu perdendo destas eleicións (para eles foron un ensaio da política a seguir no estado e non se gardaron de decilo) foi o seitor socialdemócrata da UCD, o que máis carne puxo no asador desta campaña. Sectores situados mais á dereita —se e que se poden utilizar este termos en semellante asunto— parece craro que se viron tentados de apoiar ou apoiaron áo partido de Fraga tal como seica sucedeu co grupo de Otero Novás. Todo esto iría encamiñado á formación da tan traida e levada "Gran Dereita" plantexada como alternativa aos problemas que ten a UCD a nivel estatal e máis como saida da Coalición Democrática. Galiza tería sido así usada como coello de indias e máis como ponto de partida para a realización destes proxectos. Esta sería, pois a explicación de que parte de UCD tivera apoiado a campaña aliancista e darialle senso á serie de liortas e declaracións ás que asistimos nos derradeiros días da campaña segundo as que os dous grupos desmentían ter pedido o voto para o outro.

O PSOE, así as cousas, parece non estar disposto a entrar en ningún tipo de alianza no senso de formar goberno, polo menos iso foi o que dixo o seu segredario xeral en Galicia, Francisco Vazquez quen asegurou que pasaban á oposición é que tentarían fiscalizar o que fixeran un parlamento e mais unha Xunta controlados pola dereita.

As declaracións de representantes da UCD ao fio do desenvolvemento dos seus problemas internos o fan supoñer que no partido do Goberno estan a ganar as teses que prefiren o reforzamento da dreita mediante o pacto con AP ainda que esto

forzamento da dereita mediante o pacto con AP ainda que esto poña en perigo a actual composición do seu partido, a unha alianza que eles chaman contra natura, co PSOE. O desencademento de procesos como o que levou a separación do seu cargo de Fernando Castedo para poñer ao frente do poderoso ente público Radiotelevisión Española a un home de Fraga denotan os primeiros pasos da "Gran Dereita" e destiñanlle aos socialistas un papel oposición na Xunta e mais no Parlamento autonómicos.

PRESENCIA DO NACIONALISMO

Pola sua banda os nacionalistas do Bloque-PSG prometeron empregar os seus tres diputados na presentación de alternativas racionais e coerentes coa realidade do pais, aos proxectos que a dereita tente levar a cabo e continuar na organización das masas para cambiar a realidade galega actual. En canto ao diputado de Esquerda Galega, non se saberá deica a aprobación do reglamento se formará grupo mixto xunto cos anteriores ou se sera outra a fórmula que se adopte tal e como os dous grupos queren.

L.L.

don augusto

XAQUIN MARIN

OS PARTIDOS DISPOIS DAS ELEICIONS

Perto de 120.000 votos sen escano. Os que ficaron fora

Cento dazanove mil quinientos trinta votos quedaron orfos nas furnas e só serviron, polo menos na fria linguaxe do método D'Hondt, para alimentar as fogueiras posteriores ao reconto do pasado dia vinte. Ese número de votos é caseque o mesmo (128.901) que lle sirveu a Alianza Popular para conseguir os seus nove escanos da Coruña e son máis dos que lle deron á UCD cinco na mesma província (95.148).
Esas perto de cento vinte mil papeletas foron para once candidaturas presentadas, na sua maioria por outros tantos partidos ou grupos políticos que quedaron fóra do Parlamento autonómico, que viron esvaerse os proxectos de aituación que poideran ter e que seguramente dispois deste fracaso teñan que replantexarse o seu futuro e máis a sua estratéxia.
Per ademáis, resulta curioso comprobar como destes once grupos, os seis primeiros están encadrados na esquerda ou no galeguismo, a saber.
Partido Galeguista 32.567 votos
Partido Comunista de Galiza 29.095 votos
Partido Socialista dos Traballadores 18.215 votos
Partido Socialista Obrero Español - Sector Histórico 12.881 v.
Coalición LCR-MCG 5.027 votos.
Irmandade Galega 4.944 votos.
Dunha primeira apreciación poderiase deducir que estes votos contribuiron a quitarlle votos e escanos ao PSOEe máis a dividir dalgun xeito o voto nacionalista, dándolle parlamentários aos partidos maioritários da dereita estatal.
Para saber o que pensan sobre estes temas os grupos de que falamos, ímoslle prantexar as seguintes preguntas.

1.- ¿QUE SIGNIFICOU PARA O SEU GRUPO QUEDAR FORA DO PARLAMENTO GALEGO?

2.- ¿QUE AITUACION POLITICA VAN LEVAR DE AQUI EN DIANTE?

3.- ¿PENSAN QUE A PRESENCIA DOS GRUPOS MINORITARIOS CONTRIBUIU A DRLLES ESCANOS AOS PARTIDOS MAIORITARIOS ESTATAIS?

PARTIDO GALEGUISTA
Avelino Pousa Antelo

1.- Para nós, ficar fóra significou só iso, ficar fóra. Nós pensábamos estar dentro, pero os votos non nolo permitiron. A isto sempre se está exposto, salvo aqueles que xa teñen forza. Os grupos minoritários estamos expostos a que nos pase isto.

Hai que ver que os nosos votos, desperdigados polas catro províncias, se estiveran xuntos daríannos un bon resultado, pero non puido ser.

2.–Imos levar a mesma política que até agora, a mesma liña. Nós non somos un partido oportunista, xa que temos unha responsabilidade histórica, cunhas siglas con moita história, as do Partido Galeguista. Non somos un grupiño cuxo traballo se reduza a parescer nas eleicións.

3.-Coido que non, cada partido ten a sua clientela. Hai casos doutra caste, como o da AP, que ademáis da sua clientela habitual sacou votos grácias a unha forte campaña e a que tivo na sua man moitos médios. Seria, pois, unha utopia pensar que os votos dos minoritários, de non presentarse, irian para algun outro grupo.

PARTIDO SOCIALISTA DOS TRABALLADORES

Ao faláremos con **Xacobo Bermejo**, o segredário do PST galego, non podíamos deixar de plantexarlle o que é tema habitual en moitas conversas posteleitorais, segundo as que os votos do-PST (e mesmo os do PSOE-Histórico), serian o efeito da confusión nun povo políticamente moi pouco informado. Bermejo coida que os votos do seu partido foron produto da campaña de enfrentamento ao Goberno que tiñan realizado e pensa que se ben o seu grupo ainda non ten un espácio político moi ben determinado, os votantes que os apoiaron sabian que estaban optando por un grupo situado á esquerda do PSOE.

1.-O non entrar no Parlamento para nós, en princípio non significa un cámbio na idea que do noso partido nos tíñamos formado, sacamos unha cantidade de votos que enche de sobra as previsións de que partíamos; entón estamos total e absolutamente satisfeitos dos resultados, tanto en canto ao desenrolo da campaña como en canto ao número de votos outidos. O non entrar no Parlamento, desde logo, é un inconvenente pero, para a nosa campaña, os resultados son un adianto moi grande na alternativa que propoñemos.

2.-Ben, a nosa aituación, máis ou menos vai ser a mesma que viñemos tendo deica agora. Temos aqui un obxectivo absolutamente concreto que é o de sguir na loita contra o Goberno Calvo Sotelo, a mesma loita de todos os pobos do Estado Español e de todos os traballadores, isto haberá que concretalo nos problemas concretos de todos os dias; os que ten plantexados o idioma galego, aqueles nos que se atopan os veciños, os dos trablladores... pero, principalmente, a nosa aituación vai dirixida contra o Goberno Calvo Sotelo.

3.-Nós partimos dun feito que é moi grave, ao iren divididos os partidos obreiros e máis nacionalistas, o que fixeron foi darlle a vitória á direita, namentras exista esa división, nós seguiremos adiante coa nosa alternativa. No mes de maio propuxéramos o encetamento dun proceso de unidade, non nos escoitou ninguén, e mentras isto siga asi, non podemos deixar sen representación á xente a quen representa o noso partido. A división de que falamos evidentemente restoulle votos aso partidos obreiros pero a quen perxudicou realmente foi ao povo galego que tivo que votar a UCD ou a Alianza Popular.

COALICION LCR-MCG

Por LCR, da coalición LCR-MCG, falou o seu segredário nacional, **Xaquin del Valle-Inclán.**

1.- A nosa aitividade política non considera a preséncia nos organismos parlamentários como o eixo de aituación, nen tampouco como o fin único e exclusivo dun partido. E evidente que a preséncia no Parlamento axuda a espallar posicións políticas, permite utilizalo como unha caixa de resonáncia para denunciar as limitacións e contradicións da Autonomia, pero sempre partindo de que sexa realizado un labor no movimento obreiro, nos sindicatos.

2.- A nosa política vai ser a continuación e o desenrolo práctico do programa eleitoral que presentamos na coalición LCR-MCG, é dicer, unha política de defensa da Soberania Nacional, da oficialización da língua xunto co traballo de movilización e de organización. Ben pouco poden agardar os traballadores galegos deste Parlamento e as suas reivindicaións terán de ser conseguidas ao través da loita. A resisténcia contra os plans económicos da burguesia, a defensa do posto de traballo, a denúncia do golpismo e a represión van ser eixos moi importantes na nosa política.

Engadiria ademáis que a percura da unidade, a todos os niveis, vai estar tamén moi presente na nosa aitividade, posto que a situación política que vivimos fai máis necesária que nunca esta tarefa.

3.- A coalición eleitoral na que participamos nen ten un ár eleitoreiro, nen pretendeu xamais acochar os pontos estratéxicos e tácticos do seu programa. Podemos pensar, pois, que os votos recebidos son votos ao programa político, non a unha imaxe eleitoralista máis ou menos ben presentada. E os votos ao programa eleitoral son votos a favor do Dereito de Autodeterminación e da Soberania Nacional, de denúncia do Estado das Autonomias e do aitual Parlamento, tal e como van recollidas no programa da coalición eleitoral.

Son polo tanto votos que non se poden confundir co que a pregunta chama "españolismo". Se o que se quere dicer é que os votos recebidos apoian unha alternativa ou unha visión centralista, a resposta está xa dada. Mais se o que se quere dicer é se os votos da coalición son un apoio a unha maneira de entender o problema da organización do partido, entón a resposta é si. Pero quede ben claro que para nós, a LCR, a organización revolucionária ten que se dar a escala internacional, que o partido estruturado a escala estatal non ten por qué ser un atranco, senón todo contrário, para a liberación nacional e o socialismo.

IRMANDADE GALEGA

Polo que toca a este coleitivo, **Xosé Fortes Bouzán** deixou claro dende un princípio que só podia falar a título persoal, á espera dunha xuntanza que estrán a celebrar un destes dias, cando o periódico está xa na rua, en esta xuntanza hanse reunir, segundo as suas verbas, representantes das zonas onde eles teñen preséncia, e farán unha análise dos resultados das eleicións, do tema que hoxe nos ocupa e do que o representante de Irmandade Galega falou da seguinte forma:

1.- Para min, o máis significativo destes resultados eleitorais é o feito de que só haxa catro diputados nacionalistas de setenta e un. O que vai significar para o noso grupo xa che digo que o habemos de estudar nesa xuntanza da semana que ven.

2.- Haberia que pensar moito o que se vai facer daqui para adiante e non só iso, senón que haberá que reconsiderar a conceición política e máis de Galiza, que saiu derrotada nestas eleicións.

3.- Polo que toca ao nacionalismo, eu non coido que o que pasara fora que os grupúsculos lle sacaran votos, habia tres opcións nacionalistas ben claras, cada unha para o seu tipo de votantes; nós só nos presentamos na província de Pontevedra e non por iso nas outras províncias sacou máis votos o nacionalismo.

A quen si lle poideron sacar votos eses grupiños foi ao PSOE, o caso do PST é claro como representante do voto da confusión nun povo políticamente pouco informado.

No intre de termos esta páxina no prelo salto a noticia de que o PCG acadara representación parlamentaria

O erro parece que estaba no reconto dos votos de algunha mesa da provincia da Coruña. Por esta razón non incluimos na presente enquisa unha entrevista que mantivemos co segredario Xeral deste partido, Anxel Guerreiro

OS PARTIDOS DISPOIS DAS ELEICIONS

Os que están dentro

En toda a xeira eleitoral houbo os seus máis e os seus asuntos, cada quen falou do baile segundo lle foi e cada quen chorou as suas bágoas eleitoreiras xa con gaita, xa con bombo, ou ben coa orquesta chamada "nas próximas".
De todos, dispois do "mea culpa" ou do "culpa dos empresários", ficaron cinco con representación, se ben dous (Bloque-PSG e Esquerda Galega), só ten forza que lles dá estar dentro dispois da dura loita, xa que os seus votos materiais a nivel de Parlamento están reducidos á mínima expresión.
Velai, pois, as suas opinións sobre as tres preguntas que se lle fixeron aos cinco grupos:

1.- ¿Cál vai ser o primeiro tema que o seu grupo vai tratar no Parlamento Galego?

2.- ¿Cómo van influir os resultados das eleicións na política do seu partido?

3.- ¿Qué idiomá vai usar o seu grupo parlamentário e cál vai propoñer para uso en documentación oficial do Parlamento?

Polo grupo de AP, falou o número un da província de Pontevedra **Xosé Lois Barreiro Rivas.**

1.- O primeiro ponto qu

1.- O primeiro ponto que imos tratar é o desenrolo do Estatuto na medida en que como marco xeral trata os temas pero que require leis particulares: Reglamento das Conselerias, da Xunta, Estatuto persoal dos Conselleiros, etc.

Os temas próprios da Xunta hai que plantexalos desde un ponto de vista novo. De todos os xeitos, a primeira medida vai ser estudar a situación, facer un xeito de auditoria própria, para ver como ian as cousas antes.

2.- Isto ten tres vertientes.

a) Alianza Popular está segura de que ganou as eleicións por organizarse seriamente como partido e porque se organizaron os obxectivos a longo prazo. No partido pesará o desenrolo da campaña eleitoral.

b) A responsabilidade política que dá sair trunfante nas eleicións. Isto é, que AP está disposta a asumir esa responsabilidade. Agora hai várias posibilidades para o goberno: Pacto de lexislatura, de Goberno e lexislatura, de aspeitos parciais, que gobernemos nós sós e, por suposto, que pacten UCD e PSOE e gobernen eles. Pero compre dicer que AP intentará a formación da "maioria natural".

c) As repercusións que vai ter a nivel nacional. Isto é imprevisíbel e vai supoñer unha remodelación das forzas políticas en España. Os resultados a nivel xeral non son extrapolábeis, pero si son os da UCD, xa que estaba aqui no seu mellor lugar e ficaron como partido ruralista.

3.- Nisto imos levar o mesmo sistema que en toda a campaña. cada parlamentário falará o que queira, igual que fican en libertade no grupo parlamentário. Para as actas propoñerjan o bilingüismo, segundo fose a intervención nun idioma ou noutro. Poderiase, tamén, levar un doble libro, un en galego e outro en castelán. En todo caso, hai momentos que necesitan o castelán e outros o galego. Por exmplo, seria absurdo facer un discurso de apertura en castelán pero non cando se refiran á reconversión dos asteleiros ou dunha lei técnica.

Pola UCD falou o segrdário rexional da UCD-Galiza, **Miguel Sanmartín.**

1.- En princípio haberá que decider sobre tres cousas básicas.

a) Asentamento do Parlamento, o que, segundo sinala o Estatuto, haberá que deider por maioria de dous tércios.

b) O Reglamento da Cámara.

c) Resolver as incompatilidades.

Nos propoñeriamos unha, por chamarlle algo, "Comisión de Goberno" que fose a encargada de buscar un asentamento, provisório, mais de estáncia prolongada para o Parlamento.

Podemos dicer, tamén, que o labor de iniciativa lle corresponde ao Goberno Galego e, en parte, aos grupos parlamentários, pero estes teñen que ver, primeiro, o que fai o Goberno. Por fin, dicimos que as iniciativas van baseadas no Parlamento e na sua mecánica e, por outra banda, na eleición do Presidente da Xunta.

2.-A liña política non a cámbia unha persoa, nen a define. Son os órganos coleitivos, en todo caso, os que a deciden. Personalmente podo dicer que a UCD vai ter como Norde duas cousas: os intereses de Galiza e levar unha oposición construtiva.

3.- Como non estou no grupo parlamentário non podo darlle unha resposta clara. Supoño que vai ser o galego e máis o castelán.

En canto as actas e a documentación xeral, pódolle dicer, a nivel persoal e tal como vai a liña do Partido até agora, que partimos da aceitación do bilingüismo en todos os ordes da vida galega.

Por parte do PSOE, falou o portavoz **Ceferino Diaz.** O curto da conversa ven dado pola sua procedéncia telefónica ante a imposibilidade de contactar en Vigo, persoalmente, co seu presidente **González Amadiós.**

1.– O que primeiro imos tratar é o da configuración e reglamento do Parlamento Galego, para o que xa temos unha proposta. No que toca a temas concretos, xa estamos elaborando proposicións para levalas desde a oposición.

2.– Os resultados configuran ao partido como oposición e imos asumir ese papel. Pero imos ser unha oposición firme que fiscalice o goberno da direita e construtiva.

3.– O do idioma xa o temos definido e usaremos o galego. En canto ás actas, temos que facer o mesmo que fan nas outras comunidades, con toda a documentación para Galiza en galego e os documentos que saian para o Estado, no idioma oficial do Estado.

Por parte da coalición Bloque-PSG, respostounos **Lois Diéguez,** segredário-portavoz da compartidas por **Bautista Alvarez (UPG)** e **Claudio López Garrido (PSG)** anotando este o involuntário esquezo de Lois Dieguez no que fai referencia á democratización dos órganos de goberno e o direito a voz de todos os grupos.

1.– En realidade, vai depender do acordo que se tome na coalición BLOQUE (AN-PG. UPG)-PSG. Nós temos un programa xenérico presentado na campaña eleitoral que recolle os problemas mais fundamentais que hoxe ten o povo galego e que nos valen como referéncia para os nosos prantexamentos. Como xa temos dito repetidamente, o Parlamento Autonómico, coas competéncias que lle dá a Constitución Española, non vai resolver os problemas grandes e graves de Galiza que son, por outra banda, os que poden cambiar a situación desesperada das clases populares. Pese a todo, a nosa voz ouviráse aló e turraremos deles. Baixo o critério da organización que represento, a AN-PG, consideramos de moita urxéncia prantexar o problema do noso idioma, a Cuota Empresarial da Seguridade Social Agrária e o sistema de comercialización dos produtos do agro e do mar, a entrada do Estado Español na OTAN, a nuclearización de Galiza e o cementério de resíduos radioaitivos nas nosas costas, pois estes tres últimos problemas están relacionados.

2.– Non van influir nos nosos presupostos políticos globais, é dicer, na nosa liña política. Somos realistas e sabemos que este é un pais colonizado que precisa de forzas políticas próprias para que, ainda, as outras o teñan en conta, anque sexa formalmente. Os resultados eleitorais responden a isto e sabemos que o medre nacionalista, a conciéncia do povo galego, o enfrentamento que ha ter para opoñerse ao seu asoballamento, van ser lentos e duros. Precisamos moita organización, moito estúdio dos métodos de traballo e de loita a empregar, mais incidéncia nas vilas e cidades, unha preséncia continuada nos problemas do país e a potenciación de todo tipo de plataformas populares. Nisto estamos.

3.– O galego como sempre e o propopoñemos en todos os nivéis. Só así se entende a sua normalización e a loita contra todo tipo de cortapisas que lle poñen ao noso idioma.

Por Esquerda Galega falou connosco o seu único parlamentário **Camilo Nogueira Román.**

1.- Hai tres grupos de temas que son prioritários e trataremos primeiro:

a) Institucionalización do poder galego, con todas as leis que se necesiten para iso.

b) As custións económicas e sociais. Vanse facer propostas de xeito que o Goberno Galego teña xa que tomar iniciativas.

c) Temas culturais: normalización da língua.

A concreción destes tres temas farase pública no seu momento.

2.- Nós coidamos que Esquerda Galega é unha forza política en ascenso e que gañou a pulso a representatividade parlamentária e que aló onde ten preséncia real ten resultados extraordinários. Tamén vai facer un esforzo moi grande en toda Galiza que esperamos dea resultados, en certa forma, pola confianza que colle a xente.

Queremos destacar que somos o primeiro partido nacionalista xa que o Bloque-PSG son tres e seguimos a ter vocación de que Esquerda Galega sexa o partido maioritário en Galiza como partido nacionalista. Pensamos que hai perspeitiva para isto no futuro se o sabemos traballar.

De feito, o noso traballo no Parlamento vai ser construtivo. Queremos contribuir a consolidar a autonomia como un instrumento que nos permita avantar cara a reconstrución nacional e o pleno autogoberno, de xeito que non imos ser dos que lle van dicer só NON aos proxectos da direita, senón que esperamos ter a iniciativa en proxectos de goberno e propostas de lei sen agardar nen permitir que a direita centralista marque a pauta no desenrolo da autonomia.

3.- Nós usaremos sempre o galego, única e exclusivamente. Queremos que o galego sexa a língua oficial de Galiza e que toda a vida política sexa no noso idioma.

Outra cousa é que isto sexa posíbel segundo a legalidade vixente, que indubidabelmente queremos transformar.

PRENSA E SOCIEDADE EN GALIZA: UNHA PROPOSTA MINIMA

GUSTAVO LUCA DE TENA

O consumo de papel prensa nas cidades de máis de cen mil habitantes en España non chega á cuarta parte do de Europa. O de Galiza asómase non máis que á cuarta parte da média española. Esta posición abalante de lázaros da imprensa, constituie unha mostra clara e diária da relación que existe en Galiza entre a clase dirixente e o povo, se aceitamos que os periódicos son unha canle moito máis permeábel e eficaz que a TV e a rádio para dita relación. Con todo, é doado atopar lucubracións sociolóxicas de calisquera capa sobre a atención que lle presta o galego ao aunto da dirección da comunidade na que vive, pero son moi raras as especulacións, estúdios e xuícios encol da prensa diária. Aquel sofista de dereitas que foi Fernando Martin Sánchez-Juliá decia que *"el periodista no puede ser héroe todos los días"*, para suliñar a que non podia ser el a peito descuberto quen resolvese as contradicións entre o interés da sua empresa ou o do Estado e o interés público. Pero se os xornalistas destes eidos manifestámonos raramente contra desta situación abraiante que nos equipara, postos a presumir, con Biafra, e nos fai mirar con envexa para Turquia, non é menos certo que en Galiza os partidos políticos fan segredo de Estado da sua relación con alguns periódicos ou, se se prefire, gardan un siléncio de noite cando é de criticar o papel dos meios ainda que en privado cadaquén chisque un ollo compadreiramente oa referirse a este ou aquel croio saido dunha rotativa. Nas nosas letras só Celso Emílio Ferreiro se ten metido cercanamente con algun xornal galego con crítica retranca. En Galiza hoxe hai partidos, asociacións, institucións, grupos e coléxios, capaces de dar á publicidade proclamas e comunicados de rexeita en caso de que o goberno benefície o aeroporto do veciño, cando un tren chega tarde, ou nos venden aceite de laminar ferro con etiqueta de olivar, pero nada se di da calidade dos xornais.



Por certo, Rafael Dieste falaba dun certo "xornalismo vellouqueiro" como práctica dalgunhas empresas galegas (1926). Ben cumprido médio século daquela, é toda unha invitación decidir cántas empresas editoras poderian considerarse hoxe en Galiza a salvo das mágoas denunciadas por Dieste: anteposición brutal dos intereses comerciais aos de servício público; vulgaridade como desideratum intelectual, un pésimo nivel técnico e profesional e o razonamento político de palleiro de que o público leitor é soberano e que cando pide sucesos ou mormeira, haillas que dar.

O periodismo non é somentes a forma máis dinámica de comunicación social senón que funciona a maneira dunha activa forza política no seo da sociedade. Desde o comenzo mesmo deste século, o mundo occidental, e nomeadamente nos paises de fala inglesa, os xornais desenvolven un papel de primeira liña á hora de pular pola sociedade. As campañas dos periódicos americanos de fin de século forzaron a evolución do capitalismo e prepararon o terreo para un tipo de relacións sociais máis acorde aos intereses da propriedade privada e aos benefícios. O amarelismo, nas suas duas apariéncias de xornalismo de sangue ou de escándalo social, é a via da mixtificación que escollen as empresas de periódicos cando a competéncia e o avante da concentración da propriedade privada lle non deixan apurar máis os seus razonamentos de servício ao público. Pero pensemos que esta evolución do xornalismo desde o partisanismo, pasando pola prensa amarela como solución a unha competéncia abraiante, deica o periodismo popular que ten unha mistura de ambos os dous, é o produto dunha sociedade industrial. O ciclo cúmprese mediados os anos 20. A partires daquelas datas, a distinción entre xornalismo de calidade e xornalismo de melodrama perrachica é moi clara nesta parte do mundo a non ser en España. Mentras o mundo empresarial dos xornais reordenaba a galloupadas da competéncia as suas forzas, cunha clara tendéncia ao monopólio, a prensa hispánica vivia o torpor vexetativo decretado por unha ditadura fascista. Salvémonos a honra na víspera do "parte médico habitual", e entremos dacabalo nun escenário diferente no que a competéncia, como sucede ao cabo e remate de todos os detenimentos artificiais do curso histórico, rompe as rendas do direccionismo estatal. En Galiza tamén neste aspecto a excepcionalidade é notábel. Por unha parte, os xornais de tirada reducida e ámbito provinciano, superan a crise como as toupeiras fuxen dos incéndios: furando cara o centro da terra. Isto é posíbel precisamente porque se colocan ao marxe da mesma competéncia, sen gastos de amortización, sen perspectivas empresariais e sen proxectos.. Por outra parte, alguns dos xornais convertidos en empresa con todas as suas consecuéncias inventan o amarelismo cun século de retraso para salvar os asaltos da competéncia. Cando a espiral de custes coloca á prensa española nunha crise profunda, os empresários reclaman axuda pública poruqe consideran que un servício á sociedade como o que prestan os xornais non se pode dar a partir dunha rendabilidade tan precária. Deféndense xa que logo, como unha parte da sociedade moi concreta que considera ameazados os seus intereses específicos. ¿Son estes razonamentos aplicábeis a todos os diários que aparecen en Galiza?. Unha boa parte dos xornais galegos que aparecen todos os dias nos quioscos, están inibindo en tal medida a sua obriga de servício público que arruinan a sua existéncia comercial. Para que o público galego acade con plenitude a condición de letrado compre que se convirta en leitor de xornais, ainda que esta necesária transformación nos chegue cun século de retraso. Para que este potencial público leitor abandoe o absentismo no que evidentemente se atopa, é preciso que os xornais deixen de colocarse tras da sociedade, como denunciaba Rafael Dieste, e asuman un papel comprometido con respeito ao progreso, ás libertades e á identidade da Terra.

E cando os empresários argumentan que só mediante as subvencións é posíbel sobreviver, ¿por qué en Galiza esta axuda a un servício público non prima aos niveis de galego empregado nos diários?. Trátase certamente dunha proposta mínima para se opoñer ao lugar comun de que o "galego non vende", e un procedimento para correxir a inxustícia que supón subvencionar co mesmo critério a un diário abertamente partidário da autonomia, poñamos como referéncia, que a outro diário galego que mantén actitudes golpistas. Medidas desta natureza contribuirian a achegar os ceonceitos de prensa e sociedade, hoxe tan anormalmente distantes en Galiza.

GUSTAVO LUCA DE TENA. Xornalista
Director de "Hoja del Lunes" de Vigo.

UNHA RADIO CON MARCHA,
CON GANCHO
CON IDEAS

VEN CONNOSCO

Estamos, na Onda Media en 1.224 Kcs/S,
e na Frecuencia Modulada en 87,8 Mhz
POR UNHA RADIO MAIS NOSA

Radio Popular
DE VIGO

da terra e do mar

Mal ano de viño

PIÑO

Un verán seco, primavera fria, un tempo do demo, recolto, e un milleiro de cousas foron os determinantes dunha má colleita de viño en toda Galiza. En moitas viñas as uvas nen se viron, de podres que estabn, no chan, secas. Moi poucis se salvaron da queima.

Por enriba, a maior parte do viño que se salvou foi do chamado Catlán Roxo, ao que en Galiza se lle adican 1.200 Ha. de cultivo. Os viños nobres foron os que máis sofriron, chegando en casos a arder as viñas de albariño, como en Donón-Cangas.

Con todo, os labregos fixeron os mesmos traballos de todos os anos, cavaron, podaron, sulfataron, coidaron as viñas e por iso se espera un précio moi alto para o pouco viño que se vai vender.

Cando isto decimos, non estamos a falar das grandes Cooperativas, nas que o fraude do viño está a facerse todos os dias, importando uvas da Castela para logo chamarlle "Ribeiro" ou algo semellante. Do que falamos é, xa que son maioria, dos labregos que logo de apartar o viño de seu, venden o resto da produción aos taberneiros –directamente– ou a quen mellor pague. Cara vai vir a cunca de viño este ano en todas as tascas.

Por outra banda, temos que de Zamora se importaron grandes cantidades de uva "Catalana", xa branca ou roxa, cuxa comercialización e ainda semente están proibidas polas actuais leis. Polas estradas andiveron os camións cargadiños de bagallos, descargando á vista de todos e por máis denúncias que houbo, non se viron actuacións gubernamentais. Asi pois, alguén andou a xogar coa saude dos galegos co visto bon da administración.

As previsións non se basean tanto no précio do viño como na actuación dos estamentos oficiais. Agora mesmo andan a inxertar xa en moitas viñas con madeira de albariño para unilos a determinados patróns. Imos dar un cadro de uvas e portainxertos máis comenentse:

BRANCAS	PORTAINXERTOS
Albariño	420-A Para veigas ou terras de fondo
Loureiro	
Treixadura.....	161-49 Para sucalcos, soltos, con fondo
Palomino ou xerez	
Godello ...	110-R Xabreiras, chan pouco fondo e terras secas

TINTAS	PORTAINXERTOS
Caíño Negro	161-49, para sucalcos, soltos e con fondo
Alicante	
Gran negro	
Espadeiro	19.617, chans menos fondos, menos fertis
Garnacha.	

A campaña marisqueira



SANTI VILLAR

Despois de moitos tira e afloxa por unha intoxicación máis ou menos ou por unha contaminación maior ou máis pequecha, abriuse a veda, por fin para poder mariscar nas rias galegas, mexilón incluido.

Milleiros de persoas baixaron ás praias na percura dunha axuda á sua– emprobecida economia diária, co anceio de facer en dous dias uns cartiños que ben valen para o resto do ano. Logo, os profesionais da vara e do angazo, do sacho e da loita diária, ficaron no mar e na area para seguir a traballar o resto da campaña.

Algo de chúvia e frio nos primeiros dias foron os dados máis senlleiros dunha colleita que se encetou baixo a ameaza dun précio ridículo, coa principal fábrica de conservas semi-pechada (Massó) e co pantasma da contaminación nas mans dos intermediários. Con todo, o précio tivo moitas variacións segundo as zonas de colleita e vai dende os 20 pesos de Meira-Moaña aos 10 de Cesantes por quilo, que fan valer a un caixón de 50 quilos 5.000 e 2.500 pta. respectivamente.

SANTI VILLAR

A nota máis destacada foi a baixa da cantidade de croque que se colleu en toda a campaña dos primeiros dias con respecto a anos anteriores. En Carril, colléronse no primeiro dia 25 toneladas, mentras en Meira-Moaña apañábanse algo menos de 9.000 quilos e en Cesantes 32.000. Por outra banda, as cantidades de ameixa babosa branca foron as normais por canto os homes da vara seguen a ser cáseque sempre os mesmos e durante a veda sementouse bastante ameixa trasladada dende outras praias onde podia morrer se non se facia a manobra de traslado.

Non hai, pois, perspectivas de que abonde o croque nen siquera para que aguante a xente na area cinco ou seis dias de xeito contínuo. Algún pequeno conflito, sen maiores consecuencias, deu a nota diferente nunha xornada tranquila en xeral. Velai, máis abaixo, o cadro de cotizacións de croque e ameixa babosa branca en diferentes praias.

Os précio fan referéncia ao primeiro dia. Logo subeu en Carril e Cesantes, baixando a 30-40 pta. en Moaña.
No Grove e na Illa de Arousa o précio é resultado dos pucos lotes subastados.
As perspeitivas, co peche de conserveiras, non son boas. Con todo, o précio da ameixa pode subir, mentras que o croque non hai nada claro, con pouca existéncia nas praias.

Lonxa	Carril	Cesantes	O Grove	Moaña	I.Arousa
Croque	60-70	50-66		70-100	
Ameixa babosa branca		260-390	600	200	657
A. B. Roxa		210			275
Ameixa fina		600			1350

SANTI VILLAR

Ainda non ben remataron de ...oneca e ...
tándose cos homes. Ainda o ... non mos...
as formas da promesa de fem...xa o está...
Ducias de meniñas prostituín... bares for...
todo o mundo sabe que se ve... sen form...
truncadas. Todo o mundo o ... rapazes...
as autoridades ignórano, tota... delas, son...
están sen permiso de residenc...s, os do...
son persoas "formaís" e case ... recoñoc...
dereitista, anque os bares cus...ven non...
Catorce, trece doce anos, até ... se viron ...
pola única forma de subsirtir ... miseria:

—Bueno, decídese ou non. ¿Non lle gosto?. A ver que lle axudo.

—Mira, síntoo moito, pero... non podo.

—E... agora, ¿qué? —di case chorando—; se chego sen diñeiro danme unha malleira, se cadra. Pensan que nos quedamos nós cos cartos. ¡Por favor!...

Chámase Belén, non ten ainda trece anos, anque dixo ter dazaseis. As formas de muller ainda escomenzan a se insinuar e xa leva tres meses *"trabballando"*.

E unha das dúcias de menores de dazaseis anos todas, que exercen a prostitución en Galiza. Meniñas, (codirian no seu país de procedéncia, xa que case todas son portuguesas) que ainda hai pouco tempo estaban envolvendo monecos en farrapos e que agora se reborcallan nas sábenas, moitas veces con homes que poderian ser seus pais ou seus abós.

Ainda non poden vender o seu corpo de muller. Só a esperanza dunhas formas que se van deixando entrever e cuxo froito levan outros. A venda dunha esperanza; dunha esperanza de ser mulleres e abrirense camiños. A venda dunha frustración, dun desengano e, algunhas veces, da desesperación.

ASI EMPEZA TODO

A miséria é a inseparábel compañeira do norte de Portugal dende hai séculos, sóbor de todo das famílias campesiñas. Esta situación agravouse consiederabelmente dende que as colónias, por fin, conseguiron a independéncia.

As suas xentes ven en España, pero sobre todo en Galiza, a sua *"Terra de promisión"*, o mesmo que lles pasaba aos emigrantes galegos coa Arxentina, Alemaña, Suiza, Francia... Pero a cousa cámbia, para os portugueses Galiza está a un paso e ten o seu mesmo idio-

ROSTITUCION DE NENAS



ıtaron de
Ainda o
sa de fem
rostituír
que se ve
nundo o
ano, tota
e residen
's" e case
bares case
anos, até
subsirtir

ou non
er que lle

, pero...

–di case
sen diñei
ira, se ca-
quedamos
favor!...

n ten ain
dixo ter
de muller
se insi
eses "tra-

úcias de
anos to-
prostitu-
iñas, (co-
de proce-
todas son
inda har
ın envol-
arrapos e
allan nas
con ho-
seus pais

vender o
Só a es-
as que se
r e cuxo
A venda
ıha espe-
s e abrí-
da dunha
ngano e,
esespera-

separábel
de Portu-
sóbor de
npesiñas.
ıse consi-
que as co-
guiron a

en Espa-
n Galiza,
isión", o
ba aos e-
Arxenti-
Francia...
, para os
stá a un
smo idio-

oneca e xa están dei-
non mostrou ao exterior
xa o están vendendo.
bares formais" donde
sen formar e esperanzas
s rapazes da escola, pero
delas, son portuguesas e
is, os donos dos bares
recoñocida militancia
ven nomes en Galego.
se viron truncados
miseria: prostituirse.

demáis é doado.

n dia chegou un home, O
r, moi ben traxeado e cun
e moi grande. Viña á bus-
rapazas para servir as co-
s nun bar. Preguntou no
e foi falar cos meus pais"

én é a máis vella dunha
lia de cinco irmáns. Den-
s sete anos xa traballa no
o *"facendo de todo; mo-*
e descalza". O seu pai ten
vacas e *"sae aos xornais*
o pode, pero non hai moi-
uen o chame. Está todo
mal".

li non podia aspirar a na-
en con quen casar queda'
nos decindo. *"Además a*
des e a María, que estaban
aliza, dicían que estaban
ben e viñan que parecían
s señoritas".

foi como veu parar a Ga-
Todo a empuxaba a vir.

o comenzo", segue co re-
"puxéronme nun bar, a
pratos. Si, era en Ponte-
pero o nome non cho di-
capaz de contalo e ve-
qui e mállanme. Claro, xa
a primeira vez que o fan.
n poden denunciarme e
rme outra vez para
me non, non quero vol-
¿qué vou facer alá?...
non me gosta, pero tan
o consiga alguns cartos
outro traballo e déixoo'

da segue con esperanzas,
esperanzas dun mundo
, sen tantos traballos e
ento, que a fixo abando-
eu fogar; unhas esperan-
e fixeron que os seus
confiaran *"a un Señor*
n moi rico, todo un Se-
" Todos pensan que a sua
stá moi ben *"situada"*.

aquelas esperanzas con
egou a Galiza, clandes-
nte, anque con permiso
o –moitas–, logo se vi-
rustradas: *"ao primeiro*
iba bastante ben, estaba
fregando os pratos. Pe-
día o Señor díxome que
tiña que ser amábel cos clientes. Non sabia o que queria dicer. Logo o aprendín. Ao principio negueime, eu non son unha desas (cando chegou inda acababa de cumplir os doce anos), *pero amenazoume: se non facia o que me mandaba pasariame ao outro lado da raia"*.

"Gañaba dous mil cinco centos escudos, logo dábame a mitade do que sacaba en cada "traballo", anque me descontaban para pagar o piso".

EXPLOTALAS MENTRAS POIDAN

E con esas caras de inxénuas, con ese corpo sen formar que venden dia a dia por un précio a carón das cinco mil pesetas, venlle proporcionando ao *"Señor enormes benfícios"*, polo que nengun destes *"negreiros de carnes brancas"* poden permitir que alguén lles estropee o *"negócio"*: *"marcheime porque me pegou un dia por sair cun rapaz. Díxome que non ia permitir que saira con ninguen que non tivese cartos; que gastara moito conmigo e que agora non me ia perder así como así"*.

"Mira" segue a dicer Belén, *"ao princípio trátante moi Cando cheguei comproume roupa totalmente nova, pantalóns axustados, botas, blusas, camisas,... ensinoume como debia comportarme..."*

Esta é a primeira etapa. A etapa do cámbio de imaxe que proporciona primeiramente unha vestimenta nova; logo os xéstos e además insinuantes para *"que o posíbel cliente se entere"*. Sorprendentemente, isto apréndenno moi pronto, tan pronto que parece que é un xogo para elas.

Pero cando as cousas cámbian ou se complican, cando non se obedece en todo ao Señor, chegan as ameazas, as malleiras, as coaccións...

TOTALMENTE INDEFENSAS

Están totalmente indefensas, sen protección de nengun tipo e cunha espada pendente sobre as suas cabezas: a volta a Portugal, a cousa que máis as aterra. Este simple pensamento, esta ameaza que está continuamente nos beizos do explotador, fai por si sóia que a conduta se amolde aos *"gostos do Señor"*.

Os problemas veñen cando a rapaza empeza a espabilar e se rebela: empezan as malleiras. Pero todo se complica ainda máis cando as rapazas buscan un mozo. Non poden permitir os *"tratantes de brancas"* que alguén poida chegar a cumplir o papel de defensor, cousa que non fai nengunha autoridade, nen portuguesa nen española, polo estado clandestino destas

Se as cousas se complican, "o Señor" ten a solución na man: pasalas ao outro lado da "raia", xa que conta, además, coa certeza de que a "man de obra" non vai faltar. Realizan asímesmo esta operación cando por un "descoido" quedan embarazadas; sen miramentos de nengunha caste son pasadas ao outro lado da fronteira e que se arranxen como poidan: ao non quereren ir para a casa, se non poden entrar outra vez en Galiza, van parar case sempre ao "bárrio" do Porto.

Pero outras veces son as mesmas rapazas as que toman a iniciativa de "liberarse", liberación difícil, deste xugo. O máis probable e que traten de encontrar traballo, por medio de compañeiras en "barras americanas" ou en "tapadillos". Outras veces é o mesmo mozo, en moitos casos portugués tamén, o que lles proporciona o traballo, pasando a exercer de macarra".

SEGUIR A CADEA

Moitas nen siquera eso poden lograr. Cando xa colleron demasiado oficio e se fan moi "escandalosas" na sua forma de comportarse, para un "bar decente" os mesmos donos son os encargados de encontrarlles traballo. Así pasan a un "tapadillo" ou, as que teñen máis sorte, a unha "barra americana".

Pero este só é o primeiro eslabón da cadea. Ao pouco tempo, unha rapaza que empezou a prostituirse, a trasnoitar, a beber, aos doce ou trece anos, encontrase totalmente desfeita, sen ningunha gracia no seu corpo e non "sirve xa para estes traballos": o seu destiño é arrastrarse por o barrio de Vigo, de Ourense ou da Coruña, caer nas mans de outro explotador a cámbio dunha fiticia proteción e dun máis fiticio querer. Así de "barrio" en barrio, de cidade en cidade, até que o corpo aguante, no mellor dos casos, xa que noutros, a morte pode chegar por unha malleira ou por un "accidente". Máis dunha ducia de mortos están nestes últimos tempos sen exclarer.

Algunhas, mui poucas, dan roto este cerco. secadra porque llo apretaron demaisiado. Contáronnos como Martinha, ante as continuas malleiras de que era ouxeto por parte do "Señor", decidiu escaparse a Tui e pedir proteción no Consulado Portugués. Segundo as amigas pasaron ao outro lado, pero nada máis; eiquí ninguén se enterou nin fixo ningunha averiguación. Tiña so catorce anos.

TODO O MUNDO O SABE

–*"¿Qué, ides a "tirar"?* Foi a contestación dunhos rapaces cando lle preguntamos polo bar "Queimada" en Ponteareas. Outro tanto pasou co "Surriso", e co "Noso Lar".

Todo o mundo debe saber donde se exerce esta prostitución con menores, menos as autoridades, claro. O mesmo pasa en Vigo con certos Hoteles polos que merodean homes da política e das finanzas "buscando carne fresca". Pero non hai porque preocuparse, se es de confianza "sirvenchas" a donde ti queiras.

Non fai falla ir as cidades. Os lugares predilectos son as tabernas dos povos, ou bares de vilas, frecuentados por estudantes, durante o dia, xa que moitas veces están situados cerca dos institutos. Así con esta clientela de dia, ninguén podería dospeitar que pola noite aquilo se transforma, sendo o tráfego contínuo.

Tamén os bares de "carretera" son lugares axeitados, o que importa e dar unha apariencia normal.

Outras das características destes bares é tamén a de que case todos están rexidos por xente da extrema dereita. Alguns en pouco tempo deberon ter moitas ganancias, xa que fan obstentación visible das suas riquezas, cando antes "non tiñan donde caerse mortos".

Os seus propietarios parecen funcionar en cadea, existindo o cámbio, cedo, presto, como se as meniñas foran unha mercancía.

Mercancía que xenera, prepara, acondiciona o sistema social. O demáis só e cuestión de aproveitarse, e de que todo pareza "normal".

IRLANDA

VOTADE, VOTADE, MALDITAS

MARIA XOSE QUEIZAN

Ven de celebrar-se no estado español o cincuentenário do voto feminino o cal quer dicer que hai só 50 anos que as mulleres somos ciudadanas con direito ao voto.

En Madrid rememorou-se a data con diversos actos como a instalación dunha placa conmemorativa onde viviu Clara Campoamor --grande defensora do direito ao voto das mulleres na República--, unhas conferéncias das "históricas" que viviron a época, sufraxistas ou ministras, como Federica Montseny ou a mesma Pasionária (que ao final non puido asistir) coa proxección de cortos ao final das mesmas. O máis interesante, desde o meu ponto de vista, foi unha grande exposición fotográfica que comprendía mulleres destacadas, na política ou nas artes, desde o século XIX (Rosalia e a Pardo Bazán entre elas), as loitas das mulleres sufraxistas (ingresas, francesas e españolas), o papel que xogaron as mulleres españolas na República e na contienda civil e as mulleres nas batallas, nos hospitais e nas cadeas. Ali estaba, fotografiada con outras mulleres na cadea de Segóvia, no ano 54, a guerrilleira galega Enriqueta Otero, a nosa amiga, que traballa na construción dunha Casa para as Mulleres en Lugo e que loita cunha fe e unha forza, increíbel para a sua idade, pola dignidade de todas.

Asistín a parte da conferéncia da Montseny porque había moitas dificuldades para entrar. No local cedido polo Concello de Madrid só tiñan cabida 300 persoas e eran moitas máis (e moitos vellos anarquistas) as que querian escoitá-la. As dificultades para entrar teño que engadir as que tiven para sair, porque, en verdade, fervia-me o sangue ao escoitar todo aquilo e entre o calor e a indignación poderia haber perigo para a tensión arterial. Resulta dificil para unha feminista de hoxe aturar con tranquilidade os relatos das mártires republicanas, das abnegadas mulleres que loitaron pola guerra masculina, e ao mesmo tempo o triunfalismo das mulleres importantes (ela, ministra, á cabeza) que ocupaban postos de responsabilidade na República.

Compre dicer en primeiro lugar que as poucas mulleres que, ao longo da H.a ocuparon ou ocupan postos de importáncia e decisión política foron, xeralmente, meras pantallas de homes. As decisións toman-nas os homes nas alturas mentres as mulleres, sumisas, realizan o traballo de base. As mulleres que se prestan ao xogo político masculino non están da parte das mulleres porque a loita no mundo varonil é polos direitos masculinos e non pola reivindicacións femininas. As reivindicacións masculinas están en contradición coas nosas porque axudan a fortalecer o poder masculino e, nesa medida, aminorar o noso.

As mulleres que chegan a algun posto de responsabilidade son utilizadas polo sistema como exemplo de "racionalidade" (non unhas tolas e bruxas como as feministas) e de "posibilidade" de emancipación para todas. Unha grande falsedade porque a maioria das mulleres NON PODEN liberar-se da explotación económica e ideolóxica que padecen e non están capacitadas para xogar cos homes no seu próprio terreno. As que se gaban dos seus postos privilexiados poden-se sentir un grau máis altas que as suas pobres viciñas analfabetas pero non poden ser un deles, un home, e non poden evitar seren tratadas "como mulleres" polos seus compañeiros, nen deixar de desempeñar o rol doméstico se son casadas. Isto sen contar que, por moi importantes que se sintan, están suxeitas ás bromas de calquer indivíduo pola rua e mesmo poden ser violadas en calquer esquina. ¿Ulos os seus priviléxios? Realmente son colonizadas que pretenden escapar da sua condición política e social pondo-se ao lado do colonizador, defendendo os seus intereses e adoptando a sua ideoloxia. A sua grande contradición é que nunca serán aceitadas polos colonizadores por moitos títulos que obteñan. Son mulleres e "As mulleres somos todas iguais..." "din os homes, un anonimato colectivo. Non existimos como indivíduas.

Por qué as mulleres nos movemos polas causás dos outros e apenas o facemos polas nosas, preguntaredes? ¿Por que, pregunto-vos eu, os galegos loitaron, impulsados polos colonizadores, heroica e encarnizadamente contra dos franceses a princípios de século (e ai temos os relatos de Xosé Fdez. e Neira para atestiguá-lo) e noustante foron incapaces de defender co mesmo brío os seus direitos frente ao colonizador? Por pór un de tantos exemplos. Amigas, hai que ler a Albert Memmi con calma. Existe, ainda que nos doa constatá-lo, unha adesión da oprimida ao opresor e a aceitación dos seus valores e das suas loitas. Pero esta adesión é resultado da opresión e non a causa. Produce-se despois e como resultado do proceso histórico. E xa é hora de que empecemos a decatarmo-nos destes feitos.

Moitas mulleres que loitaron nas distintas revolucións da H.a sentiron-se defraudadas, e mesmo se suicidaron, cando os revolucionarios ocuparon o poder e constataron que foran vendidas e que o seu papel social non tiña variado. As heroinas republicanas que sobreviveron á guerra non puideron constatá-lo porque estaban no bando dos vencidos. Por iso ainda poden ter fe.

As mulleres, ten razón a Montseny, fixemos cousas importantes, a pesar das dificultades, pero, na maior parte dos casos estas foron silenciadas. As poucas heroinas que veñen



nos libros son as que loitaron pola causa masculina e citan-se por iso. O que non se conta é o seu drama interno, a renúncia persoal e a frustración posterior. O esforzo desta loita integrista é estéril, e os resultados dramáticos.

Hai 50 anos que as mulleres conseguimos o direito ao voto, decia o slogan. Permitide-me uns arranxos: Hai 50 anos que ás mulleres concederon-nos o direito de votar polos homes. Este slogan, absolutamente real, non merecía o esforzo das feministas para a sua celebración. E volvemos ao de antes, ao de sempre, perdemos as nosas forzas en causas que non son as nosas.

A realidade é que as mulleres carecemos de carácter político, de intervención, como grupo, nos asuntos públicos ou de estado. A política é masculina. As mulleres permanecemos ao marxe, na obscuridade e na reclusión. Non participamos ná xustiza nen na marcha dos asuntos públicos. Nos xulgados, nos ministérios, etc., as mulleres somos eficientes secretárias e mecanógrafas. Nos partidos políticos realizan os traballos de base mentres os homes toman as decisións. Son ademais utilizadas para dar a imaxe da participación política das mulleres e asi recoller os votos femininos. Negan a existéncia da discriminación sexual e reducen asi a forza do feminismo, quer dicer, da organización autónoma das mulleres para a nosa liberdade. E unha situación idéntica á dos partidos nacionalistas que colaboran na farsa da "autonomia" galega dando a falsa imaxe da posibilidade dun goberno autómo galego, cando na práctica seguirá a ser unha sucursal do poder central. Seguimos a cair na trampa, nos caramelos de colza, dos colonizadores e co noso voto damos coeréncia ao seu xogo.

O direito ao voto situa-nos no status de ciudadanas. ¿Pero, somos de verdade ciudadanas libres? Non. Somos persoas contra as que se exerce un atentado e unha violencia permanente. Desde que vimos ao mundo estamos destinadas pola sociedade masculina a sermos escravas e ocupar un papel inferior. Negase-nos a independéncia, a criatividade e somos condenadas ao obscurantismo. A través dos libros de texto, na escola, ou dos médios de difusión oferece-se unha imaxe degradada de nós mesmas. No traballo realizamos os choios máis ingratos e desconsiderados e ademais estamos obrigadas, como unha condición natural, a realizar os traballos domésticos. Imponse-nos un tipo de sexualidade que só aproveita ao varón e somos o obxecto da agresividade masculina en calquer situación. Non podemos sair a rua sen ser o branco do ataque e dentro de casa, ás agachadas, moitas mulleres son maltratadas de palabra e obra mentres toda a sociedade se confabula para ocultá-lo. Certos casos en que as mulleres morren transcenden á opinión pública. Todos os dias veñen nos xornais casos de mulleres asasinadas polos seus maridos ou amantes. A disculpa é sempre que ao home lle entrou un ataque de loucura. Que curioso que en canto perden a razón o primeiro que fan é matar á muller. Non se rebelan nunca contra os seus superiores, contra os responsábeis da sua frustración. O que a sociedade patriarcal lle pon a man para satisfacer os seus tolos instintos é á muller, á esclava.

¿Qué clase de ciudadanas libres somos, amigas? Se nos poden violar en calquer momento, se andamos con medo pola rua... E mentres o noso drama continua, ainda votamos, ainda consolidamos o sistema.

O mundo está feito sen nós e contra nós. Somos, pois, disidentes en relación co consenso social e político resultando ridícula a nosa participación en loitas polos poderes masculinos e en eleicións de sistemas dos que estamos, como mulleres, como grupo, excluidas.

Pero, e esta é a razón fundamental da nosa opresión, as mulleres somos a base da sociedade e da producción, mesmo se estamos ao marxe do sistema. Asi como Galiza para desenvolver a própria riqueza non precisa as migallas de concesións centrais senón o direito de gobernar-nos nós mesmos, as mulleres tampouco precisamos leis reformistas e priviléxios falsamente igualitários, senón o direito de decisión sobre nós mesmas, de sermos mulleres e facermos o mundo tamén á nosa imaxe, medida e cultura. Para conseguí-lo é necesário recoñecer-nos e unir-nos como oprimidas.

As concesións reformistas, o direito ao voto, dan-nos unha apariéncia de liberdade, de independéncia e ciudadania que é falsa e nos impede recoñecer-nos como oprimidas. Igualmente falso que falar de sufraxio universal e liberdade individual en Galiza, onde non existe, non deixan que exista, un recoñecimento colectivo como pobo.

RTVE

A VOZ DO SEU AMO

Ese gran pastel, nada menos que o control político da maioria da poboación do Estado, que é RTVE, segue amargando a uns e a outros, a "dimisión" do seu director xeral Fernando Castedo convírtese nun tema de discusión para todo o Estado pasando por enriba da OTAN, a colza, dos máis de douscentos mortos e de todas as irregularidades administrativas que nestes últimos meses viñeron saindo á luz. Fernando Castedo é un home de dereitas de toda a vida, procede do Partido Popular de Pio Cabanillas, un home perfectamente coñecido polo Goberno, chegou á Direición de RTVE como consecuéncia dos pactos UCD-PSOE, Rafael Calvo Ortega Alfonso Guerra, cando os dous partidos se repartiron a TVE e máis a Radio Nacional.

Pero Castedo, tras rodearse dun equipo de xente que se aproximaba cada dia máis no seu traballo á cidadania e un chisquiño menos aos discursos políticos, pasou a ser un traidor ao partido do poder que veu nel un médio de infiltración do PSOE, e foi defenestrado. Xa importa menos que os métodos sexan anticonstitucionais e que pasen por enriba do estatuto de RTVE. A iso a UCD xa nos ten moi afeitos, preocupa máis o freazo aos tímidos pasos adiante. Todo o asédio ao que foi sometido Castedo só pretendia unha volta a unha radiotelevisión meramente gubernamental, onde vários programas quedarán automáticamente suprimidos porque o goberno non só non aceita a Constitución, senón que as discrepáncias irrítano. Asi, a RTV-Castedo está pagando todos os fracasos de UCD incluida a derrota que sofreu nas eleicións ao Parlamento Galego, recibida das mans de Fraga que, polo visto, foi o que acelerou o cámbio no cúmio do Ente Público que xa estivera a ponto de se producir cando o caso Gabilondo. Naquela ocasión, Castedo plegárase ás decisións do Partido. Agora a situación era insostíbel para Castedo e máis para o Goberno. Mira po onde o reposto, Carlos Robles Piquer, cheira a novo pacto, pero esta vez UCD-Fraga, seguramente coa vista posta nesa "Gran Dereita", en busca da maioria natural preconizada por Fraga. Isto pode ser unha arma de doble filo para a UCD porque o que ao PSOE non lle traía nengun tipo de problema (velai o cese fulminante) é posíbel que agrave a própria situación interior do Partido de Centro debido á semellanza dos seus presupostos e da sua clientela.

O dramaturgo andaluz Antonio Gala xa tiña dito *"Televisión é unha asistenta por horas do Goberno"*. E niso vai seguir só que con renovados folgos. Tras da entrada de Robles Piquer, fraguista máis á dereita que Fraga, os cargos direitivos están xa caindo pouco a pouco. A reforma-limpeza dos nove meses Castedo, devolveralles aos cargos perdidos a persoas de talante reaccionário.

NOMES PARA A LEMBRANZA

Empezou xa o baile de nomes para a sustitución e fálase de Luis Ezcurra como candidato para ocupar o posto de subdirector Xeral e de Abel Hernández como sustituto de Sotillos na direición de Radio Nacional. Estes nomes, por coñecidos, lévannos a pensar, que a UCD está a escomenzar a campaña de 1983 lembrando o gran papel que xogara Ansón cando lle mandaron gañar as eleicións xerais e preparar a transición política que nos traeria Suárez pola man. Ansón fixo daquela tal papel na TV que ainda hoxe se cre gañador das eleicións. Posibelmente dentro de ano e pico, Robles Piquer poida dicer o mesmo, papeis non lle faltan.

Para a xente que ve a "tele' e escoita a radio, queda agardar a caida de moitos programas e o valeiramento de contido de outros. Na rádio vai ser máis grave porque é nela onde se están a dar as cotas máis grandes de calidade e aceitabilidade dos programas. Moitos programas que agardaban para entrar na programación grácias á nova imaxe, quedarán reducidos a guións para a lembranza. A "rádio total", sen demasiado contido pero que dá uns niveis de entretenimento e de aproximación a todos os temas, sofrirá un freazo. Todo pola causa política do Centro. O pastel, esta vez, non vai ser repartido con ninguén.

PABLO VIZ

ANDALUCIA

Un referendum preparando as eleicións

Cunha participación de 53,6 por cento, o pobo andaluz aprobou por abrumadora maioria (co noventa por cento de sis), o proxecto de Estatuto de Autonomia. A abstención foi menor que a que se deu no 28 de febreiro do pasado ano, votación na que os andaluces se decideron polo articulo 151 da Constitución para facer a autonomia. A pesar disto a maioria das forzas políticas andaluzas atópanse insatisfeitas. A normalidade foi a característica da xornada do 20 de outubro.

A CAMPAÑA

A campaña do referéndum tivo un só reclamo: o sí. Tan só algúns partidos con moi pouca implantación popular propunaban o non ou o voto en branco. Durante os primeiros dias foron escasos os actos que tanto partidos como institucións celebraron en torno ao estatuto, ademais de que o cidadadán non respostaba como nun principio se esperaba. Foi entón cando soaron as voces de alarma. Rafael Escuredo, presidente da "Junta de Andalucia" foi o primeiro en avisar do síndrome abstencionista.

Foi na última seman cando os líderes políticos emprenderon unha carreira contra reló: Os axuntamentos aprobaban mocións pedindo o sí, o presidente da "Junta" recorria toda Andalucia avisando do perigo que, para futuras competencias, teria un baixo índice de participación. Asociacións de viciños e entidades cidadáns en xeral, movilizaronse pedindo o sí.

Todos estes esforzos conseguiron que a abstención non chegase a superar ó 50 por cento, excepto na provincia de Almeria, onde foi dun 54 por cento.

O estatuto tivo os seus grandes defensores non seus "pais": PSOE e UCD, os dous grandes partidos a nivel estatal.

PSOE, O DEFENSOR NUMERO UN

Para o Partido Socialista Obrero Español este estatuto é o mellor de todos os aprobados até o momento, superando ao basco ea catalán e, por suposto, ao galego. Durante toda a campaña fixeron fincapé en que este estatuto foi posibel gracias a Constitución Española e chegaron a realizar en varias provincias unha homenaxe á Constitución como dándolle as gracias polo estatuto. Foi o partido que máis diñeiro gastóu en publicidade pedindo o sí.

UCD, ANTES NON, AGORA SI

Para a Unión de Centro Democrático a campaña plantexábase como un desagravio ao povo andaluz tras propugnar a abstención no Referéndum do 28 de febreiro, donde toda Andalucia se pronuncióu por unha autonomia a partir do artículo 151 e non do 143 da Constitución. A derrota sufrida polo partido gubernamental foi tan grave que agora, sen convición e lanzaronse a apoiar o Estatuto Andaluz para así decirlle aos andaluces que eles tamén están pola autonomia.

PCE, SI A TODO

O Partido Comunista de España (chamado nestas terras Partido Comunista de Andalucia) foi o terceiro partido que participóu na elaboración do estatuto, e tamén foi o terceiro en apoialo. Para o PCA dicer sí ao estatuto supuxo dicer sí a Constitución.

PSA, COBARDIA POLITICA

O Partido Socialista Andaluz ou o que del queda tras as numerosas excisións e expulsións que no seu seo houbo, non estaba dacordo en absoluto co texto do proxecto do estatuto mais, asemade, tamén propugnóu o sí: ¿Falla de valentía política para dicer non a algo co que non están dacordo?

UA, RETAIS DOUTROS PARTIDOS

Sí, pero... Este é o lema de Unidade Andaluza, un partido formado polo ex ministro de UCD, Manuel Clavero Arévalo con persoas procedentes doutros partidos. O seu segredario xeral era segredario rexional de Alianza Popular en Andalucia e o Segredario Provincial de Cádiz era militante do PSA e así moitos mais. Os peros que lle poñen ao Estatuto son os seguintes: que limita a catro os meses de sesións do Parlamento, que os cargos non son retribuidos, que o Goberno Andaluz non ten a prerrogativa de disolver o Parlamento e a falta de estructuras proprias de Goberno que ten que topar coas Diputacións. Definen, por outra banda, ao texto como o último do artículo 151 e o primeiro do 143 da Constitución Española.

E de destacar a falta de formación política dos seus cadros, salvando, claro está ao seu presidente. Como anécdota podese contar aquela de que pretendian, ante a non asistencia de Clavero a un mitin en Cádiz, que falara o seu chofer, que o escoitaba en todos e sabia de que ía a cousa.

AP, A INDEFINICION

Alianza Popular non fixo, prácticamente, campaña, e a pouca realizada foi moi indefinida. Anque están polo sí —segundo eles— os seus lemas eran: "Vota libremente" e "Vota, pero sabiendo lo que votas".

En xeral, a campaña transformóuse nunha pre-campaña electoral de todos os partidos. Todos, tanto os de dereitas como os de esquerda, estiveron e están máis pendentes de censurar os logros conseguidos en Euzkadi, Galiza e Catalunya, dando a impresión de que queren a autonomia andaluza só para frenar as aspiracións nacionais doutros povos. Velai, como exemplo o lema do chamado nacionalismo andaluz: "Andalucia por sí, para España y la Humanidad".

DADOS

	Córdoba	Cádiz	Sevilla	Jaén	Huelva	Almería	Málaga	Granada	Andalucía
Votantes	62	50,5	54,8	58	52,7	46	51,8	51,5	53,6
Abstenc.	38	49,5	45,2	42	47,3	54	48,2	48,5	46,4
Votos SI	89,5	91,3	91	85,9	91,5	86,8	89,3	87,4	89,4
Votos NON	7	4,9	5,4	10,3	5,05	10,2	7	9	–

Todos os dados son en tantos por cento.

A escalada belicista

O pasado día 10 do presente mes a República Federal Alemana rexistraba en Bonn a maior manifestación da sua história cando 300.000 personas lanzaban un patético e emotivo berro a favor da paz e en demanda do fin do armamentismo e da nuclearización do vello continente. Era a continuación dun novo fenómeno, con precedentes en Stuttgart, Paris, Copenhague, Amsterdam, Rotterdam, A Haia, Bruselas..., estendido xa prácticamente por toda Europa: A Marcha a Favor da Paz.

Paralelamente ao rexurdir deste fenómeno danse dous feitos trascentais: no Estado Español o Goberno da UCD fai púbrica a sua decisión de integrarse na OTAN; nos EE.UU. a Adeministración Reagan decide ó 6 de agosto –data conmemorativa da traxédia nuclear que 36 anos atrás fixera estarrecer ao mundo co estermínio en masa de máis de 300 mil vidas humáns– emprender a fabricación en serie da bomba de neutróns. Feitos ambolos dous contrarios á manifesta vontade dos pobos que conforman o Estado Español, o primeiro; e do mundo, o segundo... ¿Cais son as claves de ambas situacións?; ¿a qué obedecen?

SABOTAXE A PAZ E A DISTENSION

A pesar de que os medios de comunicación occidentalistas se esfórzen diariamente en tentar convencer á opinión púbrica de que a actual tensión internacional é producto esclusivamente da competéncia pola supremacia militar entre as duas superpoténcias, calquer observador non amnésico decátase sen moitos esforzos que se algo socava a distensión e a coesisténcia pacífica, eso é a desenfrenada carreira de armamentos, a militarización e a nuclearización dos seus próprios paises, desatadas polos EE.UU. e os seus aliados (proceso no que se enmarca a fabricación da bomba de neutróns e a entrada do Estado Español na OTAN), como alternativa desesperada e médio de presión, ante a perda ascendente das suas posicións e priviléxios no mundo durante os últimos anos.

Calquer análise ou balance que se faga respeito do acontecido na escena internacional durante a recén pasada década dos 70 é amplia e marcadamente favorabel aos avances e conquistas progresistas que se rexistran sobre todo naquelas zonas considradas estratéuicas ou dos seus "intereses vitais" por parte das forzas prooccidentais. Sen ánimo de cansar ao lector énos necesário referirnos aos máis importantes, para descubrir as claves da agresiva, belicista e perigosa política esterior da que falamos.

Asi, a consolidación dos procesos progresistas e antiimperialistas no Iemen do Sur, Arxélia, Irak e Líbia; o embargo petroleiro dos paises arabes e o fin do mito dun Israel invencibel (1973); o recoñecemento pola Cume Arabe de Rabat (punto de de partida do seu posterior reconocemento internacional) da OLP (1974); a proclamación polo Frente Polisário da República Arabe Saharaui Democrática (1976), hoxe recoñecida xa por 46 Estados; a condena na Cume Arabe de Bagdad do réxime de Sadat con medidas políticas e económicas como resposta ao acordo de Camp Davi (1979); o derrocamento do Sha do Irán (1979), no **Mundo Arabe**. O proceso progresista en Benin (1972); a proclamación da República Popular do Congo (1973); a consagración das loitas de liberación de Mozambique, Angola, Sto. Tomé e Principe, e as illas de Cabo Verde coa independencia, asi como o derrocamento do imperio feudal etíope (1975); e o triunfo do Frente Patriótico en Zimbawe (1979), en **Africa**. A instauración dos procesos progresistas en Granada (1976) e Nicarágua (1979), asi como a recuperación por parte de Panamá da sobernia sobre o seu canal (1979), en **América Latina**, a pesar dosretrocesos de inicio da década que abriron paso ás sanguinarias dictaduras conocidas polos seus "records" mundiaes en asesinatos, masacres, desaparicións e torturas.

A primeira derrota militar das FF.AA. dos EE.UU. polo exército do Vietnam, e a proclamación da República Popular Democrática en Laos (1975); o triunfo da Frente de Unión Nacional pra Salvación (FUNSK) que poñía fin ao tiránico réxime de Pol Pot en Kampuchea (1979); e a restauración do proceso progresista iniciado no 78 no Afganistán (1979), en **Asia**. O rexurdimiento, clarificado e firme, dos movementos nacionalistas con orientación progresista e anti-imperialista en **Europa Ocidental**... En fin, unha longa cadea de mutacións tan positivas (en términos progresistas) como transcendentais, que alteraron, considerabelmente, a correlación de forzas no mundo ao tempo que limitaban as posicións da influencia estadounidense a quen non se lle escapa a observación sobre o seu claro e evidente proceso de regresión, que continúa hoxe no Médio Oriente (Palestina), en Africa do Norte e Austral (Namíbia e Sahara), en Centroamérica (Guatemala e o Salvador), e tamén en Europa. Deste xeito, a escalada armamentista e o belicismo amenazante e perigoso que caracteriza a política esterior seguida actualmente polos EE.UU. tería como fins:

a) Presionar aos paises socialistas pra que desistan da sua axuda aos procesos de liberación e países progresistas, e, ao tempo, intentar socabar a sua economía (en Washington é probabel que fagan cálculos sobre cantos programas económicos da URSS, RDA, Checoslováquia... van ser frustrados e cantos menos alimentos, axuda médica etc..., van recibir os seus pobos respectivos ao ter que invertir un meirande presuposto en rearme defensivo);

b) Como consecuéncia do anterior, intervir directamente, ou a traveso doutros (Israel, Honduras, Rep. Sudafricana, Senegal...), no aplastamento das loitas liberadoras ou na desestabilización dos procesos progresistas (Libia, Granada, Guaiana, Corea do Norte...), có fin de recuperar as suas posicións perdidas, sustentándose na vella e nefasta teoria do "terrorismo internacional";

c) Por fin, ver plasmado o afán de obter a superioridade militar ("imos invertir canto seña necesario pra aumentar a potencia militar dos EE.UU. e obter a ventaxa sobre a URSS", dixo o Secretario de Defensa norteamericano C. Weinberger) renunciando deste xeito aos principios da igualdade, da seguridade equitativa e da coesistencia pacífica.

RECRUAMENTO, QUE NON NOVEDADE

Esta retórica guerreirista en forma de guerra psicolóxica e ás veces de feitos, xustificada en base á "amenaza soviética" (como antes fixera Hitler coa "amenaza do bolchevismo" para encubrir os seus plans de acadar o domínio do mundo), a pesar de verse radicalizada agora coa Administración Reagan, inicióuna noustante Carter no 78 cando o 31 de marzo dese ano a OTAN aprobaba un programa armamentista que, có pretexto da "inxeréncia soviético-cubana" en Africa, multiplicaba os presupostos militares da Alianza Atlántica, ao tempo que amenazaba á URSS con boicotear a distensión senón cesaba no seu apoio aos movementos de liberación. En setembro do 79, có "descubremento" de que había tropas soviéticas en Cuba (ridiculizado inda hasta en círculos leais aos EE.UU.) xustifícase un enorme desplegue militar no Caribe e un desembarco de "marines" na base cubana de Guantánamo. O 12 de decembro do 79 cando a OTAN acepta a instalación de 600 novos misís norteamericanos (os famosos "Pershing" e "Cruise") empregando a "crise polaca", e como telón de fondo de novo a "amenaza soviética", ao que a URSS responde có xesto de retirar parte das suas tropas da RDA e coa proposta de reducir mutuamente os tanques en Europa; mentres, Xapón concede autorización aos EE.UU. para utilizar as suas bases có disparadeiro orientado hacia o Estremo e Médio Oriente; EE.UU. rearma a Pakistán, concentra un descomunal arsenal naval-militar no Golfo Pérsico, crea o "corpo de espedición rápida" para intervir inmediatamente naqueis lugares onde os seus "intereses vitais" se vexan "amenazados", intervén frustradamente no Irán...

Agora, como decíamos, coa Administración Reagan o proceso agudízase: socábanse moitos acordos e tratados, fundamentais para manter a paz mundial (Salt 2, sobre limitación dos sistemas de defensa anticoheteril, sobre a prevención dunha guerra nuclear...), militarízanse o mar Mediterráneo (plan de creación dun "arco defensivo" coa intención de "cubrir toda a panza meridional do continente europeo", cuxos estremos serian Pakistán, ao este, e Portugal, ao oeste, pasando por Israel, Exipto, Turquía, Grécia, Itália e o Estado Español unha vez integrado na OTAN), e Oceanos Indico (bases de Diego García, Australia, Somalia, Kenia, Oman e Exipto) e Pacífico (intento de crear unha alianzamilitar similar a OTAN cos aliados asiáticos); aumnéntase a inxeréncia nos asuntos internos dos Estados soberanos e a ofensiva aberta contra os paises progresistas e movementos de liberación (apoio ao réxime de Sudáfrica na sua recente invasión de Angola e anteriormente de Mozambique; á práctica terrorista de Israel contra os pobos árabe e palestino, á sanguinaria Xunta do Salvador; intentos de desestabilización e provocación dos rexímenes de Líbia e Corea do Norte; inxerencia nos asuntos internos, a traveso da CIA, de Zámbia, Mozambique, Irán...); predícase a crueldade, a enemistade, os recelos patolóxicos entre os pobos; inicíase unha nova xeneración de armas nucleares (bomba de neutróns); reforzanse as alianzas militaristas coa entrada de novos membros (Grécia, Estado Español), utilizando a gobernos que menosprecian a opinión pública dos seus respectivos pobos asi como á opinión pública mundial, tizando deste xeito a psicosis belicista...

E a práctiva actual das forzas culpables de que o mundo cheire hoxe cada vez mais a pólvora, practica contra a que se empezan a revelar con forza os pobos da Europa Ocidental a través dos movementos pacifistas, que deste xeito pasan a formar parte do amplo abano progresista en loita contra os tentáculos das citadas forzas que o tentan dilapidar, tamén no chamado "mundo libre", o capital positivo acumulado por toda a humanidade.

A. RUAS

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOVILISMO

A loita polo poder

Andan dicindo que a democrácia ten que chegar ao deporte. Para iso estanse a celebrar as primeiras eleicións democráticas, xa que as estruturas do deporte seguen igual, de mal, claro.
Todo vai seguir igual. A moitas federacións galegas vóltanse presentar os mesmos que estiveron sempre. Eles sós sen que ninguén os moleste. O que está no poder ten todas as ventaxas, mesmo en forma de peóns colocados estratéxicamente para que ninguén poida ameazar o seu "trono".
Naquelas federacións nas que houbo algunha oposición e se presentaron máis candidaturas, os enfrentamentos estiveron á orde do dia. Un exemplo claro é a Federación de Automovilismo.

Enrique Fernández e Arias Gayoso, candidatos á Federación Galega de Automovilismo estiveron a punto de irse ás mans, seguidos polos respeitivos partidários, na noite do vinte de octubro, data na que se celebraron as eleicións a esa federación.

Todo comenzou, ao parecer, porque cento cinte cartas coas suas papeletas, non chegaron ao seu destino por ter cambiado de enderezo os destinatários, todos eles votantes. Correos non as devolveu á Federación Española, senón á Galega, que presidia o controvertido Reverter, e que foi o promotor da candidatura que sacou máis votos nas eleicións. El seica queria ser segredário, cargo que é remunerado.

O Sr. Enrique Fernández acusaba á Federación, despois do reconto de votos, de utilizar indebidamente estas cento vinte papeletas, que serviron para darlle a ganáncia ao Sr. Gayoso. Aqui foi cando empezaron as discusións, as palabras maiores e o acaloramento.

OUTRAS IRREGULARIDADES

Pero non só esta cento vinte papeletas, que non se sabe qué foi delas, foron a nota sospeitosa destas eleicións. Xa de por si a forma de realizar as votacións era dabondo axeitada para compoñer e amañar estas eleicións. ¿O que o proba?; que en todas as "Federacións Regionales" onde non se presentou unha candidatura única (co que quedaba automáticamente elexida) producíronse impugnacións e pretendidas irregularidades: os mandatários arranxaron todo para seguir mangoneando o cotarro.

Non facia falta siquera a fotocópia do documento de identidade para votar. Só que a Federación che remitira a "tarxeta de voto". Asi, quen controlara as eleicións, podia meter as papeletas que quixese. Dase o caso de que alguns votantes nen tiñan mandado as papeletas e apareceron contabilizadas como voto por correo (ocurrido na Federación Centro). No caso da Galega non nos consta que fose verdade isto, o que si nos consta é que votaron moitas persoas que están no servício militar, outros que están no estranxeiro, como o cuñado do candidato Sr. Enrique Fernández, que votou desde México, quen nos manifestou: *"só faltaba que votaran os mortos, como nas eleicións celebradas para o Parlamento"*.

IRREGULARIDADES ANTERIORES

Pero as posíbeis irregularidades nestas eleicións non se produciron só na última etapa. Xa coas proclamacións das candidaturas houbo problemas A Federación Rexional Galega anulaba a candidatura do Sr. Fernández por non ter dado de baixa unha licéncia, cando este trámite xa se tiña feito en Madrid. Dase o caso de que esta candidatura xa estaba anulada antes de presentarse, segundo consta nas datas das actas respeitivas.

Presentado recurso a Madrid, esta candidatura foi dada por válida.

Ven logo a composición das mesas, que son impugnadas pola candidatura do Sr. Fernández diante da Española, tendo que formar unhas mesas novas, que segundo o Sr. Fernández funcionarian máis ou menos igual *"xa que pensamos que despois da primeira impugnación se aterian á legalidade, pero non foi asi"*.

O FUTURO

O futuro preséntase negro e incerto. ¿Qué vai pasar agora? ¿Irá adiante a impugnación?. Non se sabe, anque poucas posibilidades hai de que se volten celebrar outras eleicións. Aí quedará o Sr. Reverter mangoneando o panorama, xa que el foi a "alma mater" da candidatura. Isto, unido a que o candidato eleito ten moi pouca experiéncia no mundo do motor, onde se moven grandes intereses, vai motivar que todo siga igual: catastrófico e enfrentado.

Catastrófico porque o Sr. Reverter seguirá obrando ao seu antoxo. Enfrentado xa que se estaba anteriormente, e agora con máis razón, porque se une todo isto a que algunhas escuderias contestatárias de Reverter, como as da Coruña e Ferrol, subíronse so final ao carro do poder.

Todo vai ser un cumo de intereses enfrentados, de deporte só o nome. Esperemos que os poucos deportistas que existen neste mundillo non saian, unha vez máis, "rapados".

A NOVA TEMPORADA DEPORTIVA (1)

Despois do paréntese imposto nas competicións deportivas polas vacacións, (tamén das nosas obligadas vacacións), pensamos que é hora de facer unha análise das ligas deportivas, en canto aos clubes galegos, cun eco preponderante nos afeizoados.
A de fútbol é a que máis intereses e paixóns move. Por iso e mais porque xa leva unha andadura pequena vai ser poló que imos empezar con ela.

Non podemos dicer que a situacion que se presenta para esta nova temporada teña moito de novo alén da reestructuración feita na "Rexional Preferente, agora con dous grupos e, por conseguinte nas divisións inferiores. Esto levou consigo duas cousas positivas:

A primeira para os clubes: os desplazamentos serán moito máis pequenos.

A segunda e máis importante, para os deportistas: moitas persoas que se vían imposibilitadas de practicar este deporte nunha competición organizada, poden agora facelo ao aumentar considerábelmente o número de equipos en liza. Nestes momentos case non existe nengunha vila que non conte cun equipo de fútbol federado e, aquelas que contan con equipos en "Rexional Preferente", teñen un equipo filial.

Polo demáis as novedades foron míinimas. Os clubes están aínda máis endeudados que a temporada pasada, a caréncia de instalacións é tan grande como sempre, pese a que en várias vilas se inauguraron campos de fútbol, queestán sempre a ser disfrutados só polos xogadores integrados "nos equipos representativos", como lles gusta decir aos cronistas deportivos.

CELTA E DEPORTIVO

Pero falar da próxima campaña e non facer repaso ás posibilidades de determinados clubes de fútbol sería un erro imperdonábel. Así pois, empezaremos co Celta e o Deportivo, ou Deportivo e Celta, que tanto ten un coma outro, (e que ninguén se vaia mosquear por eso do traslado da redacción).

Recén ascendidos a Segunda División, osprimeiros partidos xogados fanlles presaxiar a moitos unha temporada ventureira na que ambos poden lograr o ascenso, ainda que para moitos "hinchas" o ascenso dos dous equipos galegos non lles producira gran ledícia, xa que parece que gozan máis coa derrota e o fracaso do equipo contrario que co triunfo do seu.

Para o noso modo de ver, o ascenso está difícil. A temporada vai ser moi longa e pronto van empezar as disensións no seo das plantillas, cousa que mais ven imposibilitando a boa marcha de estes dous clubes agás, claro, da sua política directiva, xa que, de non ser por problemas de este tipo, calqueira das duas entidades, estarían chamadas a acadar mellores resultados. Os xogadores novos veñen reclamando sítio, pero o poder no club de algúns veteranos ainda é moito. Por outra banda veremos se este ano non se poñen de manifesto os favoritismos manifestados na pasada temporada.

E sorprendente, o caso do Celta, que primeiro esquece a certos xogadores, que en condicións nosmais terian un gran futuro dentro da profesión, e logo deixaos marchar, non sin antes poñerlle dificultades.

No tocante á política de fichaxes esperemos a ver que resultado dan, sóbor de todo os xogadores traidos polo Deportivo da Arxentina.

O tempo vai dicer a verdade e poñer de manifesto as auténticas posibilidades, deixando ao descuberto os erros.

polo burato da porta

SANTI VILLAR

Estamos na era do transporte aéreo, iso ninguén o duda, pero non é moi normal que alguén utilice un helicóptero para ir de compras. Este helicóptero pousouse a carón da fábrica de Massó en Cangas, e mentras uns coidaban que era alguén que viña arranxar o problema das fixas-discontínuas, a sorpresa saltou ao enterarse de que só iban mercar ostras a unha cetárea. A isto chámanlle unha pasada. (N.A.. o helicóptero en cuestión era oficial).

SANTI VILLAR

O "Comatí" seica é un especimen que nace nas chairas e se reproduce nas estepas realizando migrancións periódicas (normalmente coincidindo con épocas electorais). Sábese del que é moi irritábel o que xa o ten levado a remangarse en público.

SANTI VILLAR

Ainda nunca tivéramos un ministro con tantos calificativos, a saber: "o Colza", "o Bichitos", "o neumónico". calificativos todos eles que lle foron postos polo seu labor ao frente do ministério.
Se non que lles pregunten aos traballadores de Cordelerias M.A.R. que son os portadores desta pancarta, dedicada a "Sancho Colza". ¡Ai, perdón!

XAN CARBALLA

Os catro ganadores das eleicións moitas veces xuntaron a sua propaganda: AP, UCD, PSOE e os empresários da CEOE. Quen de verdade ganóu nestas eleicións foron as axencias publicitarias, as imprentas e unha morea de rapaces que fixeron —pagados— o traballo dos partidos que así compensaron a sua falta de militancia aitiva.

PODIAN PROMETER E PROMETERON

Nunca tantas promesas se fixeron en tan poucos dias, ainda co descaro de pedir os votos na Illa de Arousa dicindo que a Ponte sairia a subasta DISPOIS das eleicións, pero que ANTES votasen por eles. Imos dar un pequeno repaso, ponto por ponto.

En **SANIDADE**, prometeron ampliar a plantilla do Hospital Xeral de Galiza e a do laboratório do centro "Gil Casares", funcionando este a pleno rendimento. En 1982 vaise incluir nos Presupostos do Estado o Plan Radiolóxico de Galiza, servícios de urxéncia na província de A Coruña e vanse mellorar unha boa cantidade deles, además dunha unidade rexional de queimados.

En **TRANSPORTES E COMUNICACIONS**, dispois das "eficaces xestións" de Pepe Rivas, aló por xaneiro poderá funcionar o tren especial que vai levar estudantes de Pontevedra a Santiago. Nada, home, en dous meses, resolto un problema tan grande, Tamén nun zapatazo van colocar teléfonos en canto currúncho hai da Nosa Terra. Iso si, no noso periódico estivemos duas semanas a esperar que nolo colocaran, cando é tan vital para o traballo.

En **OBRAS PUBLICAS**, nunca tanta aitividade se notou. A estrada Monforte-Ourense vaise facer agora, dispois de que nos últimos dias de maio o Sr. Ministro, Luis González Ortiz, dixera que non entraba nos plans do ano que ven. Un dos seus tramos (Penalba-Canabal) vai custar 2.500 millons de pesetas, cando antes andaba polos 4.000. Xa comenzan a baixar as cousas. Para o firme da estrada N-525, Ourense-Zamora hai 625 millóns, además de 1970 millóns en estradas para todo Ourense dos 3.400 que vai invertir o MOPU en toda a província. A ponte da Illa de Arousa custa mil millóns de pesetas e pronto sairá a concurso. En canto á autovia Vigo-Baiona, no 83 todos a correr como tolos.

Todas as promesas estiveron acompañadas dunha morea de primeiras pedras, cortes de cintas, inauguracións, discursos, ceas, homenaxes, recebimentos, "majorettes", gaiteiros, leituras do Himno Galego, etc. etc. Só resta dicer "Vae victis", sobre todo se baixan a segunda división.

Páxinas
de información
e cultura

Guieiro

Correspondentes ao Nº 162,
do 28 de Octubro ao
5 de Novembro de 1.981

IN MEMORIAN RAFAEL DIESTE

Remata de deixarnos para sempre Rafael Dieste, aos 82 anos de edade. Coa morte de Dieste pasa a ocupar o decanato da nosa narrativa Anxel Fole.

Dieste pertenecia á xeneración truncada pola Guerra Civil Española. Debido á Guerra tivo que vivir longos anos de exílio forzoso. Unha xeneración, por outra banda, moi castigada pola desgrácia. Dous dos seus mellores e máis significativos representantes morreron en plena mocedade: os poetas Manoel Antonio e Luis Amado Carballo. O resto dos compoñentes desta xeneración tiveron dificuldades polo tráxico da Guerra Civil.

A nai de Rafael Dieste era uruguaia, de orixe brasileira. Este feito condicionou posibelmente a vida e máis a obra do seu fillo. O irmán de Rafael Dieste, Eduardo Dieste, foi un escritor en español. Seria interesante estudar a influéncia que Eduardo Dieste tivo sóbor do seu irmán máis novo.

Estas circunstáncias da sua vida: influéncia da sua nai uruguaia, irmán maior, Guerra Civil Española e longos anos de exílio, fixeron que Rafael Dieste fora un escritor en castelán que escribeu algunhas veces en galego. A sua obra en galego redúcese ao breve tomo de contos *"Dos Arquivos do Trasno"*, publicado no ano 1926, consta de oito breves contos, aos que lle engadiu alguns máis na edición definitiva de 1962; a peza de teatro *"A Fiestra Valdeira"*, publicada no ano 1927, o seu discurso de ingreso na Real Academia Gallega, *"A Vontade de Estilo na Fala Popular"*, publicado no ano 1971, e, derradeiramente, *"Antre a Terra e o Ceo"*, que saiu este ano de 1981, unha escolma dos traballos xornalísticos de mocedade. Ademáis de artigos soltos, espallados por distintas publicacións e dalguns poemas non recollidos en libros. Unha obra escasa e máis se se ten en conta o seu labor feito en castelán, cuantitativamente moi superior.

Rafael Dieste tivo sona de ser un home extraordinariamente intelixente e dunha asombrosa curiosidade intelectual. O seu compañeiro de xeneración, o gran pintor Carlos Maside, tíñalle unha grande estima e unha fonda admiración, que nos transmitiu aos mozos que, nos anos da posguerra xurdiamos á vida cultural galega. Cando tivemos ocasión de ler os artigos comprendidos no volume "Antre a Terra e o Ceo". poidemos comprender mellor o xuício de Carlos Maside. Sospeitamos que a sua influéncia entre a xente daquela xeneración tivo que ser importante. Mais esa influéncia limitouse a un ámeto puramente estético, coidamos que o seu nacionalismo era moi flebe. O seu veciño e compañeiro de xeneración Manoel Antonio, cando Dieste estaba cumplindo o servicio militar en Marruecos —eran os tempos da Guerra Colonial—, escribeulle as seguintes palabras dabondo significativas: *"Ir contra a xustiza cando nos convén, está ben, mais ir cando nos obrigan en proveito alleo, é unha cobardia. ¿Queres rexenerarte?, faite soldado de Abd-del-Krim ou fuxe".*

Entendemos que a obra narrativa do escritor rianxeiro é importante. En primeiro lugar a sua prosa é moi coidada, limpa e fermosa. En segundo lugar o seu idioma ´excelente. Os seus contos unha delícia. Inolvidábeis. Neste senso, Rafael Dieste lémbranos ao seu tamén veciño Castelao. Seria moi interesante facer un estudo comparativo entre a prosa de Castelao e a de Rafael Dieste.

Durante moitos anos "A Fiestra Valdeira" pasou por ser a obra maestra do seu xénero. A peza está moi ben construida. Estamos conformes co Profesor Carballo Calero que, referíndose a esta obra, escribiu: "Pódese ver a comédia como unha comédia agradábel, como un conto de fadas esce nificado, pois todo remata como debe rematar, e todos os persoaxes son xenerosos e magnánimos".

Trátase dunha comédia costumista, desenrolada nun pequeno porto mariñeiro que pode ser o Rianxo nadal do autor. O problema que plantexa Diaeste, e que sirve de no a comédia, é moi intelectual. A obra ten iso que se chama grácia poética.

Dende logo é, sen dúbida, dunha excelente comédia e unha obra clasica dentro do seu xénero.

Nesta nota de urxéncia, de lembranza, e de homaxe a Rafael Dieste, queremos salientar o feito de que o Concello de Rianxo, a título pstumo, o nomeara Fillo Predilecto da Vila. Esta decisión da corporación rianxeira parécenos moi ben e máis que xusta. Mais xusto sería que ese acordo se tivera tomado en vida do escritor. Era o menos que podía facer o concello, dados ademáis, as características personais concurrentes en Rafael Dieste. Os concellos galegos, cando se trata de apoiar, colaborar ou enaltecer a algo que é un valor galego sempre chegan tarde e mal, cando chegan. Outra cousa moi distinta ocurre se se trata de feitos ou de xente que nos coloniza.

Dende as páxinas desta publicación galega queremos deixar constáncia do pesar que nos causou a desaparición de Rafael Dieste, polo que sentiamos afecto e ademiración. A sua morte foi unha sensíbel perda para a nosa cultura.

MANUEL MARIA

ANDRES

AVISO DE CIRCULACION POR RIANXO ANTE A MORTE DE RAFAEL DIESTE

Xa non se me estremeza mais, non mais,
xa non me toquen febras, as pelicas,
os fios delgadísimos de adentro,
semáforos, centrais do sensitivo,
pezóns, botons pequenos, raros clítores
que fan sentir sentir sentir sentir
Xa non mos toquen mais, non me aporicen
a min e a Rafael
a Rafael e a min
Deixádenos dormir.
Deixádenos dormir.
Deixádenos dormir.

Eu quero con Rafael estar inmóvil
ao pé do mar tan manso de Rianxo
sobre as redes e as nasas do peirán, a rente
de dornas e boliches, bous, motoras,
debaixo do chiar e os voos mansos
das únicas, as únicas, ás únicas
que saben circular: esas gaivotas,
que saben tras dos golpes das desgracias,
despois de maremotos e naufraxios,
coas asas amansar
para moi ben dormir,
a min ben dormir,
a min e a Rafael,
a Rafael e a min.

Por tanto que circulen só as gaivotas
con voos maxestuosos
coas mais abertas asas,
coas asas como palmas
que anuncian a cuaresma, o triste fin
de escamas e de magas, as desfeitas
de peixes e fracasos cotidianos baixo o peite
do vento que xa ven tamén con cédula,
carnet de conducir moi libre as mortas
follas de outono, como outra desfeita
agora sobre o corpo preparado
para a mior, para a última desfeita
do grande Rafael Dieste, poeta.
Para dormir dormir dormir dormir sen fin.

Agora que nos chega o Outono manso,
apaguen os megáfonos, os bombos,
as caixas, o chin-chin
da propaganda tola dos políticos,
dos grandes empresarios, dos carroñas
con intereses mil.
Eu contareille un conto dos arquivos
do trasno, que non fai tantas trasnadas
como a tolemia vil
do Capital ruin,
e quedará pacífico o grandote,
o candoroso e grande neno inquedo,
a contemplar o mar pola ventana
valdeira sen seu corpo, sen perfil.

¡Silencio! ¡Anden a modo! ¡Non nos toquen
a min e a Rafael,
a Rafael e a min.
Deixádenos dormir
¡Deixádenos dormir!
¡Deixádenos dormir!

BERNARDINO GRAÑA

CONTO DE FADAS

De agora en diante, esta páxina estará adicada á creación literaria en galego, os problemas cos que sa enfrentan os nosos excritores, as diferente tendencias linguísticas e literarias, terán aqui un lugar de encontro, de exposición e de discusión. Invitamos a colabourar nela a todos os autores sexan nobeles ou consagrados. Os creadores de comic galego terán tamen un curruncho aqui, na páxina vinte. Esta e a escolma de un longo poema que nos enviou o poeta portugues Ernesto Guerra da Cal.

Galiza, Terra-Mai de Portugal
"órfa de pátria num recinto alheio"
como certeiramente se doeu de Ti
o Torga
irmao poeta da banda Sul do Minho
o rio que nom foi nem é fronteira

Galiza, Mai e Aboa
de nacóns
que falam a tua fala
ecuménicamente
polos cantos do Mundo

Porém,
orfa Tu Foste sempre, encarcerada
na cadeia espinhenta da Castela
Orfa de Sal, de Pam, de Fogo e Vinho
Até chegaste a ser
orfa tam absoluta
que foste mesmo orfa de Ti mesma

Tal como Branca-Neves
so tiveste Madrasta
(a fera "Madre Pátria", á que eles chaman grande pára apeuquentar as outras que avasalam)
Esa Madrasta bruxa
"negra sombra" infernal
fixo de Ti umha escrava borralhenta
para a sua cozinha emporcalhada
e com sanha feroz espezinhou-te
querendo destruir a tua beleza
tua xentil figura
pola lóxica invexa de quem sé tem deserto
na paisaxe e na alma

Perante a sua impoténcia
pretendeu extinguir-te por feitigo
fadendo-te comer
macám peconhenta do letargo
E asím ficaste
Bela Adormecida

Longo sono de pedra
foi a teu!
"Longa noite de pedra"!
Mas pedra celta dura
como as pedras do dolmen de Dombate

Xamais, mesmo dormente
perdeste a tua imagem
virxinal e insubmisa;
e a violéncia demente, xenocida
o teu feroz algoz
nom logrou violar-te

O teu brilho imutábel
diamantino
arrostou o martírio
e quedaste intocada
inxel
ensimesmada
a senhar o teu sono
de sécuios a eito

Sonhabas nos ronséis
de todos os navios, negreiros e sombrios
que levaban teus Homes para os portos amargos do Universo
como mercadoria
rica e preveitosa
de trabalho e de fel
de fame e de revolta

Sonhabas com as viuvas
dos vivos e dos mortos
féme:as de forcosa varonia
matriarcas saudosas de lares amputados
que co'as maos poderosas
na enxada e no foucinho
faziam sós a labra do Agro dos ausentes
Sonhabas como a Diáspora galega
Santa Companha infinda
de sombras emigrantes para os aléns lonxíncuos
de terras e de mares
salgados de misérias
e podres de penúnias

Sonhabas como o acerbo suor dos segadores
nos inhóspitos ermos de Castela;
com os amoladores
sempre atrás da sua roda
aos trancos e barrancos nos caminhos da Europa;
como as maos calexadas des pedreiros;
co'as costas anchas dos carregadores;
de pianos e baús;
com todos os artistas
da pena
do pincel
e do cinzel
degradados, errantes, espalhados
por todos os confins do Orbe inteiro
audaces, bravos, fortes e teimosos
refazendo Galizas pequeninhas
nos Brasís e Arxentinas
nos Trópicos ardentes das Antilhas
criando día a dia
no coracom e os olhos da lembranca
sulagados de bágoas de morrinha
esa Pátria remota
colónia conculcada
venida por traidores
por un preco tam vil
que nom chegou a ser sequer Trinta Dinhairos

E Tu
a doce Terra nosa e amorosa
acordabas ás vezes do teu Sonho
-tráxico pesadelo
e querias afirmar a reconquista
da tua libertacóm.
Mas a bota brutal, sanguinolenta
obrigaba o teu Povo
a novamente por a testa ao xugo
do Estado inepto, estulto e implacábel
que com Aguia imperial
ou Coroa real
ou mural
ou calquer outro símbolo
dinástico, político ou social
foi sempre para Ti
e ainda é
o grilhóm opresor, degradante e bestial
que nos fere no espírito e na carne
E a Madrasta voltaba
a aguilhoar-te o corpo
a asaetá-lo com frechas heráldicas grotescas
e a sugar-te
insaciavel vampiro desumano
o sangue das tuas veias
com maior avidez
se iso é posíbel
de que o das suas outras colonias interiores
(Só lhe quedou pára sempre
fundamente espetada no costado
a multisecular
espinha portuguesa. Bendita Aljubarrota,
exemplo singular o permanente!)

Muito suor e sangue
muita lágrima
muito nefando ultraxe
aguentou a tua Grei, Galiza mártir!
Qué terríbel Calvário
qué Gólgota infamante
com que longa Paixón
e emiqué sinistra Cruz
foi teu Povo encravado
pola "Patria Oficial"
suposta e sobreposta
tam fátua e sobranceira
non seu inícuo
interno
Império anano

Mas agora xa nom!
Todo isso pertence xa ao Passado
porque o noso Presente é xa um Futuro
eos dias do cativeiro
estám contados!
Porque num albor novo
Umha Estrela surxiu no Firmamento
e com ela na fronte
apareceu o Príncipe do Conto
e beixou-te nos labios
com bico meigo e vivificador
E Tu
abrindo devagar
os olhos de turquesa
miraste para os dela
num despertar de Aurora deslumbrante
que inaugura um Porvir iluminado
afuxentando para sempre es trebas

Ese Príncipe
que leva no seu rosto
Luzeiro com fulgor de manhá viva
é a nova Mocidade da Galiza
que vive, e sente, e pensa, e fala
no seu inalienável Verbo próprio
E que sabe o que quere
e que o sabe dizer
ferrenhamente
vibrante como a Fé do seu Destino
E está pronta a luitar
p'ra que a Bela Dormente
nunca mais adormeca

E a nova dourada Xuventude
que berra "Liberdade!" polas ruas
que estuda
que trabalha
nas fábricas
nos campos
nas escolas
e que organiza folgas contra o Demo
porque sabe que tem Deus do seu lado
e constroe
diariamente
e devotadamente
a sua afirmacóm irrevogábel
de nom tolerar mais a servidume

Ese Príncipe-Estrela
é paladino nobre e destemido
que com claro clarím fai a chamada
ás hostes de combate
da Nova Ordem de Cabalaria
para a batalha
final, encarnicada
contra o sobrebo infiel que nos subxuga
As suas flamexantes Armas
som as das Ferramentas e das Letras!

Com esa Nova Ordem
virá a lume a só e verdadeira
Galiza redimida
A soberana
A que nos foi roubada
de séculos atrás

Os tempos som chegados..!"
Hoxe xa nom se chora
Xa Rosalia "chorou por todos nós e para sempre" —cómo dixo o Poeta.
Agora nom se chora nem se implora
para obtermos
aquilo que de Lei sempre foi noso
E a Nove Mocidade
a do libro
a da espiga
a do obradoiro
ouviu a voz do Vate, de outros tempos
que, como Cristo a Lázaro,
dixo á Galiza exánime
Ergue-te e anda...!"
E Ela ergueu-se do leito
onde xazia prostrada
puxo-se em pé e comecou a andar
a aclamar
com seu Povo
de punho alto e convicto:
..."como em Irlanda!"
"A nosa Terra é Nosa!"
soh o olho torvo das metralhadoras
com a calma serena
da seguranca da victória certa
de quem sabe luitar
vencer
e convencer

Fis a nova versón
do conto popular da Bela Adormecida
que eu ouvín cando neno
ao pé dumha lareira camponesa
no meu val quirogués
que o Sil dourado banha
e contém, polo menos p'ra mim, no meu recordo
a bela profecia
esperancosa
para a nosa
ideal Nacóm futura.

Estoril, 9 de setembro de 1981

Ernesto Guerra da Cal

literatura popular

PRETO DE CERDEDELO

A inspiración poética galega

Moito se fala do Arte Universal mais todo Arte ten a sua pátria, todo Arte é froito de algunha terra (Castelao).

A imaxinación leva e dá un ambiente poético e a inspiración inventa o feito poético (García Lorca)

En todos os recunchos de Galiza viven damas lexendarias encantadas que poseen, entre outras cousas, o segredo da inspiración poética e que agardan a visita dun poeta que coñeza a fórmula máxica do desencantamento, capaz de ferir a sua sensibilidade poética e de provocar a sua fermosura sin par con tons e sons axeitados. Estas damas agardan impacientes por ese poetas para entregarlles os grandes tesouros da inspiración e as xoias da sua fermosura encantada.

Outrora houbo poetas galegos que souberon toparen esas fórmulas "máxicas" (hai moitas e moi várias e cada dama é sensíbel a unha delas) e con elas despertaron emocións dormidas durante séculos nas profundidades do encanto. Airas Nunes, aquel crego poeta de Compostela cóntase entre os primeiros coñecidos, versados nesta matéria:

So-lo ramo verde frolido
bodas facen a meu amigo,
¡e choran ollos d'amor!

Rosalia de Castro, flor poética do pobo galego, abrochou moi cedo con fórmulas deste xeito:

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
morrome de saudades.

E Curros Enríquez desencantou unha doncela primaveral con esta muiñeira:

Ahí ven o tempo de mazar o liño,
ahí ven o tempo do liño mazar,
ahí ven o tempo, rapazas do Miño,
ahí ven o tempo de se espreguizar.

Moitas outras fórmulas fican acochadas e médio esquencidas na memória colectiva do noso povo, saloucando polos poetas que, arredados da Terra por unha mala fada, andan esvariados por mundos e camiños alleos á percura de "fórmulas universais" para ofrecerenllas, en valuto, ás musas mortas do Parnaso.

Non, as musas mortas do Parnoso non poden resucitar.

Non, o segredo da nosa inspiración poética só o posuen as nosas damas encantadas, e o segredo do desencanto só o posuen as fórmulas poéticas acochadas na memória popular de Galiza.

Este é o segredo dese gran tesouro poético de Galiza que conteén "as millores orfebrerias poéticas de todos os tempos" segundo a expresión daquel crítica de sona mundial.

Este é o segredo dese poeta anónimo popular detodos os tempos que desencantou e sigue a desencantar fermosas doncelas, donas de tantos tesouros poéticos, con cantigas coma esta:

Se queres que saia a lua
pecha os ollos, meu amor,
que mentra-los teñas abertos
a lua pensa que hai sol.

cociña

ERNESTO NOCEDA

Pimentos recheos



Hai xa algún tempo ouvindo a radio, escoitei unha noticia sobor dos nosos pimentos. Concretamente referianse a eses pimentiños pequenos, pouco carnosos e algo picantes (cando mais grandes, en xeral, mais pican) que dan sona á vila de Padrón. Ao parecer, conquireuse aclimatalos á horta murciana, con tanto éxito, que deica se venden en Padrón como se fosen os propios de alí.

Estes pimentos que, sinxelamente fritidos e salgados na mesma tixola, inmellorábeis para servir de gornición a unha sardiñada, unha carne e inda un cocido, ou para tomar sós ou acompañados con algunha pataca cocida, son un dos regalos para o paladar, que non por asequibel resulta menos esquisito, poden estar amenazados por unha especie de "oriundismo", tipo futboleiro, trasplantado ao campo hortícola.

Galicia, nas suas hortas mellor regadas, ofrece moi bos pimentos, que ala polos primeiros de outono, completando o seu ciclo vexetativo (segundo as castes) madurarán, tornandose dunha cor bermella mais ou menos aloirada, os hai mais tardíos tamen. En moitos pontos do pais, especialmente no norde, adoitan deixalos mais tempo na planta, seica seña para aproveitar ao máximo o seu mais feble sol, seica que collan a cor e textura desexada.

Para a receta de hoxe, compre empregar pimentos grandes e de grosas carnes. Hai unha receta moi de nos que consiste en rechealos de arroz branco con dadiños de xamón veteado con algo da sua grasa, pero, por sabida déixoa e paso a dar a siguinte:

Cóllense 6 pimentos, valeiranse e quítaselles o rabo.

Para facer o recheo, pícanse xuntos 250 gr. de vitela, 150 gr. de magro de porco e 50 gr. de xamón veteado.

—Dourado un allo nunha tixola con moi pouco aceite, retírase este e métese a carne, a lume forte, dándolle un par de pasadas,

—Engada, troceado, un tomate despelexado e sen semente, un sospiro de pimenta, ourego e sal (se se atreve algo de herbaboa seca, moida),

—Baixando o lume, bote e misture arroz branco (1/3 do total).

Rechee os pimentos polo burato deixado ao quitarlles o rabo, e, nunha fonte untada xenerosamente con manteiga de porco, métaos no forno, a lume meio, algo mais de meia hora.

Unha variante pode ser fritilos nunha pota a lume lento, dourandoos dondamente por todos os lados, e logo engadendo un vasiño de viño branco, déixalos cocer tapados, uns vinte minutos.

RADIO GALICIA SER *¡A RADIO!*

San Pedro de Mezonzo, 3 **Santiago de Compostela**

crítica

libros

Problemas da lingua galega de Carballo Calero

Imos comentar un novo libro (1) do profesor Carballo Calero. Trátase de un volume no que se recollen -agora revosados e actualizados- diversos traballos que foron publicados anteriormente en revistas e periódicos e que xiran arredor da normativización do galego, da bibliografía, lexicografía e outros ramos da lingüistica ou da filoloxía galega. Non é, xa que logo, unha análise sociolíngüistica dos problemas do noso idioma, senón un feixe de estudos de un filólogo, de un dos mais prestixiosos investigadores do idioma galego. Todos sabemos, non obstante, que os problemas que se tratan neste libro son complexos e polémicos e que mentras para uns a alternativa de Carballo Calero será válida, para outros non. Mais o que nin uns nin outros poderán facer é prescindir das suas opinións e dos seus traballos. Digamos, por último, que aqui referirémonos a aqueles temas ou pontos que teñan un meirande interes pra o leitor normal, para o que non é investigador e está minimamente preocupado por millorar o uso do galego.

A obra -escrita en un galego intelixibel a unha e outra banda do Miño- divídese en duas partes: Historia e politica lingüística e algunhas notas filolóxicas. Comenza afirmando o profesor que a implantación do español en Galicia é o abandono do galego como língua escrita foi o resultado de un proceso político, cousa que nos indica, unha vez mais, que o problema mais grave da nosa língua -a normalización- é un problema político e social que unecamente se poderá resolver no marco de unha Galiza soberana. Aclara, por outra banda, que "Os Reis Católicos e os seus sucesores até Felipe V, por mais reis e mais católicos que eles foran, jamais proscriveron expressamente o uso de nengunha fala hispánica". Ese proceso de desgaleguización "non foi -engade- o resultado de unha política lingüística do poder central, senón de alteraçons demográficas producidas por factores politicos e económicos que na sua esencia eram alheios a toda planificación idiomática". Tamen recoñece que os partidos políticos que se opuxeron ao réxime franquista deron ao idioma na nova etapa na que estamos a viver -uns por motivos cácticos e outros por convicción ideolóxica- unha frecuencia de uso público astra entón descoñecida, se ben demasiadas veces foi manexado arbitrariamente polas condicions precarias nas que chegou a nos e porque eran tempos nos que todo esforzo en favor da recuperación pública do galego era meritorio. Hoxe, ao mesmo tempo que hai que seguer a defender ó idioma como lingua oficial, enfrentandose a decretos represivos, hai que coidar o seu uso, ou, como di oprofesor, "temos moito galego que aprender".

Outro punto interesante do libro é a dura crítica que Carballo Calero fai aos que defenden o insolacionismo: "Unha lingua tam ameaçada (2) como o galego non pode sobrevivir senon apoiandose nas demais formas do sistema, quer dizer, reintegrandose no complexo lusogalaico do cal genéticamente forma parte (...) Nom é sensato ignorar o portugues quando se trata de ordenar o galego (...) O galego non é galego -portugues ou é galego-castelán. Non hai outra alternativa (...) Unha concordia ortográfica, quando menos, e umha inteligencia na opçon das formas lingüísticas que integrarian, sen prejuizo das peculiaridades do galego, o vehiculo geral de comunicaçom, seran indispensaveis (...) Demostra que o espléndido isolamento do galego é un suicidiou ou un assassinato por asfixia". Lembra, asimesmo, que ao pobo hai que lle devolver o que foi seu cando non estaba alienado lingüísticamente e que, ao se tratar de unha alienación multisecular, "non podemos realizar sem prudencia a obra restauradora. Ela ha de ter en conta a receptividade social em cada momento, e moverse progresivamente no tempo e no espacio".

E saindo ao paso de esas opinions que andan por ai sobor a diferencia antre o idioma que fala o pobo e o literario, Carballo Calero asegura que todos os pobos que poseen unha lingua escrita, esta nunca coincide de exactamente coa coloquial. "Esta, como vehículo de comunicaçon práctica, é um instrumento económico, menos coerente, mais cambiante, mais versatil e menos abstracto que a lingua artística. As opinións segundo as quais a forma literaria da lingua se alongou demasiado da forma oral, carecem de exactitude. O que ocurre é que a restauración leteraria do idioma fo mais depresa que a educaçon lingüística do pobo".

Noutro lugar critica o autor esas autoridades administrativas que se consideran tan competentes como as autoridades cientificas para decidir quen sabe e pode ensinar ou escreber galego, algo que xa sabiamos todos e que compre ensinar e correxir.

E pra rematar, unha interrote: ¿Se a diferenciación dos conceptos normalización e normativización -segundo o profesor non admitido por consenso universal- pode resultar, como el mesmo di, practico en determinadas circunstancias, por qué ese respeto pola escola que diferencia estes dous temas non se plasma no uso da palabra normativización en lugar de zación cando se está a referir ás formas da lingua escrita? ¿Non sería menos confusionista e mais clarificador?

MANUEL LOPEZ FOXO

(1) CARBALLO CALERO, Problemas da lingua Galega. Sá da Costa Editora. Portugal, 1981.

(2) Supoñemos que o profesor se refire aos españolismos e á perdida de palabras galegas -froito do imperialismo lingüístico- que conduciron ao galego a un estado silvestre e non ten nada que ver con aquela salvación do filólogo portugués Rodrigues Lapa.

cine

As cousa desmadráronse. "O Crime de Cuenca" é hoxe para o espectador a película máis un valor engadiso: a sua proibición no decurso de anos. Isto estorba sobremaneira ao tempo de enxuiciar o que é verdadeiramente a película.

A meirande parte da crítica cinematográfica adícase a falar da libertade de expresión e a película certamente non vai diso. Máis ben pertenece ao valor engadido que se suliña máis enriba.

A progresia, facendo acto de fe, síntese obrigada a non a deixar pasar sen ollala. E de visión inexcusábel como autoafirmación da sua progresia.

A burguesia paga e enche as sáas co-morbo de que se lle proibiu, arrepíase coas esceas da tortura, fai a sua catarse liberadora de má conciéncia e recupera axiña: *"todo iso que conta a película foi hai moitos anos, hoxe xa non pasan estas cousas"* (?).

A pelícua ten várias leituras. Nunha primeira amósase como unrecontrución dun feito histórico, pero non ten todos os dados necesários para a sua mellor comprensión. Resulta moi esquemática e probe. Bosquéxase somentes o cadro social e político, e os personaxes son dunha oeza e maniqueos.

Nunha segunda leitura caberia coidar que a película quérenos falar da destrución dunha amistade, dos valores humanos, de cómo un ser humano pode, pola tortura, verse obrigado non só á denúncia senón a decrarar e culpar ao amigo daquelo que non fixo e pode procurarlle a morte. Neste senso compriria para a sua efeitividade dunhas matizacións moito máis amplas das relacións dos dous homes.

Doutra banda, a película tenta vertirse nunha condena da tortura en abstracto, pero a posta en imaxes de Pilar Miró, efectista dabondo ao escoller a ollada directa en vez da suxeréncia, restrinxe o seu sentido e imposibilita o paso dunhas imaxes sensitivas a unha racionalización do conceito tortura.

Para min á película fáltanlle cousas e sóbranlle outras, de tal xeito que chega a ser un produto un tanto híbrido, cheo de boas intencións pero medianiño na sua concreción en imaxes.

PABLO GOMEZ TABOADA

AXENDA DA SEMANA

Feiras

DIA 1

A CORUÑA.–Betanzos, Pontes de García Rodríguez, Santa Comba de Carnota (mercado), Cotón.
LUGO.–Monterroso (mercado), Baralla, Pacio, Ferreira de Pantón, Samos, Viveiro, Folgoso do Caurel.
OURENSE.– Alariz, Póboa de Trives (mercado), Entrimo (mercado).
PONTEVEDRA'- Arbo (mercado), Pontevedra (mercado), Porriño.

DIA 2

A CORUÑA.- Santa Maria de Cambre, Serrantes, Callado - Cambás (Aranga), Lourdes - Curtis (mercado).
LUGO.–Póboa de San Xulián, Rábade (mercado), Laxe, Póboa de Broullón - Estación.
OURENSE.–Tellado (Irixo), Calvos de Randín.

DIA 3

A CORUÑA.–Santa Uxia de Ribeira, A Castellana.
LUGO.–Becerreá (mercado), Castro de Rei de Lemos.
OURENSE.–Sandiáns, Castro Caldelas (mercado), Beariz, Barco de Valdeorras, Verín, Melón, Quintela, San Cibrán, Pitón.
PONTEVEDRA.–Caldas (mercado), Gondomar (mercado), Lalín, Moscoso, Puxeiros (Mos).

DIA 4

A CORUÑA.–Carral.
LUGO.–Castrocán, Friol (mercado), Taboada, Momán.
OURENSE.–Leirado de Maceda (mercado), Porqueirós, Muiños.
PONTEVEDRA.–Cresente, Cruces, Cambados, Tui.



O tempo

Ven a lua nova o vinteoito e paresce que trae algo de auga tras dela. Ven a lua nova, dispois dunha semana de fraxe deste autubro tolo que rompéu os esquemas do noso metereólogo particular e dos labregos en xeral. Dias houbo tamén dunha arrepiante falla de xoubas nos mercados polas frias de norde, lixeiras, pero frescas, que non deixaron sair aos barcos.

Se espera pois que aló polo venres 30 comeze a chover na espera doutro troque de lua para o mércores primeiro de santos que traerá con ela o veranciño de San Martiño.

E logo, se non veñen as chuvas, haberá que ir a por elas, non sexa que fique en mal lugar o xornal, que ainda é novo, ¡raio!

Discursos á Nazón Galega

A palabra axitador, mui en boga noutrora, é suave para hoxe en dia: seguro que nas circunstáncias actuais, nada fáceis, o noso precursor, Antón Vilar Ponte, á luz de vários dos seus textos, seria chamado "lusista", cando menos, e "incitador ao terrorismo", ou "apoloxista do separatismo", no pior dos casos.

Como proba destes asertos, que poden parecer esaxerados, velai vai unha mui breve escolma de textos, entre os aparecidos en "Pensamento e sementeira":

"Galiza ten que considerar a Portugal como o baluarte da sua independencia espiritual. Mentres Portugal exista como nación independente, Galiza non perderá xamais as eséncias dunha personalidade própria, que, esvaída ou non, sempre terá a virtude xermoladora deu senso irredentista.

Galiza considera o portugués como o galego nacionalizado e modernizado, e así pensa de fondo e trascendente interés familiarizar entre os galegos a gloriosa literatura portuguesa, proba suprema e fecunda de que no **noso idioma** *pode e debe facer-se a nosa cultura case inexistente...*

Galiza e Portugal, estreitadas ao fin, suporían unha expansión cultural de idioma diferente do castelán, tan extensiva ca se como a deste na Península, e camiño de rivalizar tamén na América, co baluarte do Brasil, significando a redención do noso espírito, para colaborar por nós mesmos, con todas as eséncias naturais da nosa raza, no superior comunismo da cultura universal, de que fala Guyau.
(A NOSA TERRA, ano 1919).

Pode-se falar doutra unidade española que non sexa a que representan as oligarquias fillas do rexime centralista –contando aos monopolios–, pois esa unidade si que ten existéncia positivamente? E desa unidade non somos todos separatistas, todos, agás os que zugan dela?

Qué lle debe Galiza a España? Como non sexa o caciquismo bárbaro que nos asoballa, o non sabemos, e se alguén hai que o saiba, que no-lo diga... Faga-se cada galego esta pergunta e conteste-a na intimidade da sua con ciéncia.

Son muitos os galegos con fachenda de cultos que vos din, como quen di unha grande cousa, que son incondicionais de España e que primeiro que galegos sinten-se españois. Incondicionais de España? Pero un home con razón pode ser incondicional de nada? A incondicionalidade é escravitude. A incondicionalidade inda non se dá no senso natural para que poda dare se no senso político. Condicional é o máis respeitábel da vida: a relación entre pais e fillos, dentro da família. Cómo poden existir parvos que falan da santa incondicionalidade a un Estado, sempre cousa artificial e mudábel?

(A NOSA TERRA, 1918/19: "Discursos á Nazón Galega").

Pola cópia
XOSE-Ma. MONTERROSO DEVESA



Riaño
foto - cine

Santo Domingo, 9
Tfnos.:22 54 61, 22 44 58 **LUGO**

Actos

VIGO

Sala de exposicións da CAV, expón **F. Llorens** (Días 30, 31 outubro e 1 de novembro).
Cine Plata. "En busca del arca perdida"
Cine Rosalía Castro. La dolce vita.
Galeria Cerralbo. Expón a sua obra "Luzuriaga"

SANTIAGO

Cine Yago. "Opera Prima"
Galería Sargadelos. Expón **Pepe Barro** a sua obra de deseño gráfico

O CARBALLIÑO

Cine Rivas. O día 30, proxección de **"El quinto sello"**

AMOEIRO

Día 31. Proxección de **"Cara de ángel"** de Otto Preminger

OURENSE

Pequeño Cine. Proxección de "El tambor de Hojalata" **Casa de Cultura.** O venres dia 30, proxección de "Siete ocasiones", de Buster Keaton.
Radio Popular. As 7,30 do venres, programa "En directo" de Xulio Xiz, con José Hierro.

A CORUÑA

Cine Goya. El crimen de Cuenca.

PONTEVEDRA

Santa Maria a Maior. Sabado 31, ás 8 do serán, concerto da **Orquesta Filarmónica de Lodz,** Polonia.
Sala de Arte da CAP. Expon **Ulises Sarry** (até o 4 de novembro)
Cine Malvar. "El crimen de Cuenca"
Cine Victoria. "En busca del arca perdida"

Para que esta sección estea máis ao servício de todos, pedimos a todas as Asociacións Culturais, cidadáns, Clubes, galerias de arte,etc. nos envien as programacións con quince dias de antelación.

anuncios de balde

FANSE todo tipo de traballos a ganchillo, admítense encargos. Rosa Tfn. 27 48 59. **Vigo.**

VENDESE estantería metálica con tres módulos de catro bandexas cada un, axeitada para almacén ou similar. Tfn. 27 88 42. **Vigo.** Preguntar por Sr. García.

BUSCASE PISO. En Vigo, a poder ser céntrico, con teléfono e non moi caro. Fernando. Tfn. 419186. **Vigo.**

VENDESE vendo can de perdices con "pedigree". Soio ten seis meses e está adiestrado. Xosé Anxel, **Laxe,** Chantada, Lugo.

BUSCASE a colección de "Arquivos" de Seminario de Estudios Galegos. Apartado de Correos, 12. **Pontevedra.**

INTERESA o número 51 de "A NOSA TERRA" para completar colección Tfn. 85 22 79. **Pontevedra.**

BUSCASE ARQUIVADOR, catro caixóns, carpetas, a ser posíbe. en bon estado. Chamar ao 30 03 36 de **Cangas-Pontevedra.** Preguntar por Pepe de 2 a 2,30 da tarde.

Esta sección de anúncios de balde está a disposición de todos aqueles, agás de empresas, que queiran mercar, vender, cambiar, saber, pedir, ofrecer...algo.

N. 162/28 OUTUBRO E NOVEMBRO/ 1981

A NOSA TERRA

A RAZON DE SER

(ven da pax. 1)

mais MAN COMUN, pretendemos facer u meio galego en canto á sua conceición, ás suas fontes, aos seus meios, mercado e intereses, progresista en canto ao xeito de seleccionar e tratar a información.

Analizando o panorama dos meios de comunicación hoxe existentes en este país e deixando a unha banda a moi pucas exceicións, coidamos que é doado comprender que tratamos de facer unha alternativa á información que hoxe o noso pobo está a recebir. E decimos que tentaremos facer unha información alternativa, no senso de que queremos buscar unha alternativa galega á información. Como se cansaron de repetir os líderes dos grupos nacionalistas ao longo da recente campaña electoral, somos un país que se está a facer e que está a recuperar o dominio sóbor do seu destino, e nese proceso será preciso, imprescindíbel, a preseéncia duns meios de comunicación próprios que poidan ser consecuentes co seu entorno e que non sexan propriedade de determinadas famílias (as que controlan os máis poderosos periódicos de Galiza, hoxe por hoxe, aliados co poder e cos sectores mais inmovilistas da sociedade), nen parte de cadeas estatais con cabeza e cabeceira en Madrid de onde receben o "cómo" e o "porqué" da sua laboura informativa a pesares dos loábeis esforzos dos seus traballadores que tentan achegar estes poderosos creadores de opinión á realidade galega. A totalidade da radiodifusión que hoxe se escoita en Galicia,e, por suposto, a televisión, atópanse nesta categoría.

Sabemos que A NOSA TERRA vai seguir a topar con moitos atrancos como meio de comunicación escrito en galego e dende perspectivas galegas e que ainda queda un bon anaco por andar deica que na nosa sociedade se poidan desenvolver procesos que na teoría son "normais" pero que hoxe, aquí, resultan realmente chocantes coa realidade; cáseque laboura de vanguarda.

O hábito de ler e ouvir en castelán que os meios de comunicación teñen afianzado fortemente ao longo de todo o século, xunguido a un notábel proceso de urbanización da nosa proboación, fan que xa hoxe sexa de abondo difícil para algúns sectores do público, a lectura en galego, ou, polo menos, que ésta requira un certo esforzo de aprendizaxe nuns casos e de adaptación noutros, que non sempre o lector está disposto a facer.

O baixísimo índice de lectura que se rexistra neste pais (sabido é que se o Estado Español ten un dos mais baixos de Europa, que Galiza ocupa por este conceito, un dos últimos postos do Estado Español), que vai inseparabelmente xunguido ao feble interés médio polos temas informativos, é outro dos graves handicaps cos que ten que contar un periódico que comence unha nova andaina como o noso. Isto, xunto coa depresión económica crónica e outra série de factores que xa teñen sido notados por economistas e sociólogos e que a sua enumeración se faría moi longa, pechan unha situación que non anda moi lonxe de se semellar ao que se lle ten chamado "Círculo da Pobreza".

Por se todo o anterior fora pouco, e pisando xa máis de firme no tema que nos ocupa, atopámonos con que as forzas progresistas galegas, tanto as da política como as da cultura, están fondamente divididas como consecuéncia da sua relativa xuventude e máis debido ás características actuais da nosa sociedade. O anterior é moi importante se temos en conta unhas cantas cousas: non hai un público xa creado de antemán e a meirande parte das entidades con poder económico son alleas aos intereses de Galiza como comunidade, co cal é moi difícil que co seu capital ou coa sua publicidade manteñan un periódico galego.

Acabamos, logo, de ver como as duas bases económicas das que pode partir a creación dun meio de comunicación están, neste caso e en princípio, bloqueadas e velai temos o caso do periódico "Galiza" (tan agardado nalguns sectores), para comprobar que aqui ainda é moi difícil lanzar unha empresa xornalística cun bon capital, se esa empresa se quere sair do que hoxe se nos ofrece. Por outra banda, as tiradas dos meios impresos publicados ate agora en galego tampouco non demostran que só coas vendas se poida manter a publicación nen atraer publicidade.

Agora ben, como xa diciamos máis enriba, ainda hai outro factor que ten a mesma importáncia que os que vimos de citar, se non tem máis. A fonda división ideolóxica e política que se da na nosa sociedade e mais no seo do "galeguismo" fai moi difícil a tarefa de construir un meio de información galego porque, indubidábelmente, terán que ser ese sectores os que o apoien e sosteñan. Ao ser a converxéncia ou o acordo moi difícil, mesmo neste ponto o que ocurre cos meios de comunicación galegos adoita ser o seguinte: ao non poderen ter unha forte base económica e ser moi difícil o acordo entre os seus posíbeis clientes e sostenedores, rematan sempre por teren unha forte base ideolóxica, moita vontade e pouca calidade e convírtense, antes de morrer, no voceiro dun determinado grupo (cecáis isto teña algo de culpa na extensión dunha opinión, que identifica prensa en galego con prensa eminentemente política. Esta opinión conta, por suposto, co apoio de todos os nemigos da nosa cultura).

Así e todo, diante desta situación, coidamos que o último que habería que facer é cruzarse de brazos se é que queremos que haxa meios de comunicación galegos e creemos que ainda os pode haber.

A información en galego, os esforzos das editoriais, o espertar político do noso pobo e certa implantación do galego no ensino fixeron que o índice de lectura en galego aumentara moito duns anos para acó, anque, como deciamos, ainda siga a ser baixo. De entre os factores que citabamos, non cabe dúbida de que a prensa en galego é dos que máis teñen impulsado este avance.

Existe, se non no gran público, si en amplas minorías (enquésitos recentes así o teñen insinuado) unha necesidade de prensa en galego e de prensa que non siga a rutina asentada no inmobilismo ideolóxico e na relativa boa saude económica da maioría das empresas periodísticas hoxe existentes en Galiza, senón que represente á Galiza progresista, á queanda a recuperar a sua identidade en todos os sectores da vida social, un periódico que vai axudando a poñer os pilares para construir a Galiza do futuro, informando aos galegos do que pasa "no" e "co" seu pais sen ser o portavoz de nengun grupo nen sector concreto da sociedade. Non é que nós vaiamos defender agora aquí a conceición idealista e teórica, da obxetividade informativa sacada dos manuais de deontoloxía profesional do periodista que foron paridas nas universidades ianquis, pero tampouco non queremos que a liña informativa do periódico defensa outros intereses que non sexan os darecuperación da sua identidade por parte de Galiza, tal e como está refflexado nos nosos estatutos de redacción.

Isto é o que queremos ser, un periódico galego que sirva de foro onde se discuta a construción da nosa nación e onde se informe con claridade e independencia aos nosos lectores, de qué está a pasar en Galiza en cada intre. O que non imos ser, e nen o voceiro de nenguún grupo nen un órgano de intoxicación que contribuia ao control e ailleamento da opinión pública.

As garantías que lle podemos ofrecer ao lector están baseadas na nosa absoluta independéncia económica de calquer grupo económico ou dos chamados "de presión" e a empresa editora "Promocións Culturais Galegas" está aberta a cantos estean interesados e poidan apoiar a A NOSA TERRA.

A independéncia profesional, en canto ao xeito de enfocar e selecionar a información, está garantizada por uns estatutos de redacción firmados polos traballadores e mais polo Consello de Administración e que garantizan a independéncia dos redactores no seu traballo e máis a orientación en base aos intereses galegos, da información que saia nestas páxinas. Sabemos que a tarefa non é doada pero coidamos que paga a pena, agardamos contar o apoio de todos aqueles que pensen igual que nos.